

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e oito de decembro de dous mil doce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez, don Eladio Mangana Novoa e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE NOVIEMBRE DE 2012 E Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2012.-**

O Sr. presidente preguntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ós borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 30 de novembro de 2012 e á extraordinaria do día 12 de decembro de 2012, que foron distribuídos coa convocatoria da sesión.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobadas as ditas actas por unanimidade.

**2º.- MODIFICACIÓN DO ARTIGO 18 DOS ESTATUTOS DO INORDE.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG,** di que a Presidencia propón a modificación do artigo 18.1 dos estatutos do INORDE, xa que con data 17 de xullo de 2012, o Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Ourense formulou auto polo que se elevou perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza unha cuestión de ilegalidade referida ó artigo 18.1 dos estatutos do INORDE. Esta cuestión de ilegalidade deriva do procedemento abreviado n.º 410/2011, resolto por sentenza do mesmo Xulgado, do 30 de marzo de 2012, pola que se anulou unha convocatoria para a contratación de 2 xestores de administración xeral do INORDE mediante o procedemento de urxencia. No que se refire ó artigo 18.1 dos estatutos do INORDE, o Xulgado do Contencioso considera ilegal a previsión de que todo o persoal do INORDE teña natureza laboral, xa que, dependendo de cales sexan as súas funcións, conforme coa lexislación vixente, o dito persoal haberá de ter natureza funcionarial ou laboral. É dicir, o que está a manifestar o auto é que, no INORDE contratouse de xeito sistemático conculcando os procedementos de contratación e vulnerando os principios de mérito, capacidade e publicidade. Desde o BNG xa teñen dado conta da inutilidade deste organismo, que durante todos estes anos de existencia, serviu para establecer un *chiringo* onde poder colocar a multitude de persoas, todas elas, vinculadas ó PP. Baste ver que o orzamento do INORDE previsto para 2012 é de 1.166.964 euros, dos que 893.000 euros van destinados a gasto de persoal e unicamente 3.000 euros son destinados a investimento real, algo que consideran absolutamente escandaloso. Estes son, entre outros, motivos máis que suficientes para que o presidente da Deputación proceda á disolución deste organismo, que se ten rebelado como inservible e dilapidador de diñeiro público, a non ser que tamén se queira manter para preservar un *quid pro quo* coas persoas vinculadas o PP que dentro duns meses teñen que dar un apoio nun congreso provincial.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que esta modificación é para cumprir unha sentenza por unha denuncia dunha persoa. Os cidadáns validan cos seus votos os gobernos pero ás veces estes cidadáns revélanse e conseguen cousas que non conseguen os propios políticos (non porque non queiran, ó mellor é porque non saben facer ben o seu traballo). Con isto cabe pensar que durante anos se estiveron facendo contratacións irregulares, non só no INORDE senón tamén na Deputación. Cre que no debate dos orzamentos deixou bastante claro que o INORDE é un organismo inservible. Pensa que é moralmente indecente que se fagan cousas como despedir xente e se sigan mantendo este tipo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

de organismos, cando o propio presidente non cre nel, porque nos orzamentos de 2013 rebaixou o seu orzamento nun 50%. O 80% do orzamento do INORDE (máis ou menos 1.100.000 euros) gástase en persoal e tan só se orzamentaron 3.000 euros para investimento nun instituto que ten que velar polo desenvolvemento da provincia. No debate dos orzamentos díxose que o INORDE ingresaba ó redor dun millón de euros, e pregunta se isto é verdade. Díxose que era polos alugamentos das estacións, pero neste ingreso non dicimos o que lle custa ó INORDE pagarlle a ADIF. Piden a disolución deste organismo por inservible, porque non se pode seguir mantendo unha institución na que se recorta o seu orzamento pero se seguen mantendo soldos que son infumables.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Socialista**, pensa que o Sr. Rodríguez Puga quere que o PP teña as mesmas leas que ten o seu partido, pero cada un ten que arranxalos seus problemas cando lle toca aínda que o BNG teno un pouco cru. Está mesturando cousas que non teñen que ver e iso non é prudente nin adecuado. Isto é consecuencia dun auto dun xulgado do contencioso que formulou unha cuestión de ilegalidade e lla trasladou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Deputación adiantouse a calquera sentenza, porque cando saíu o Estatuto dos Traballadores houbo modificacións e a ordenanza e os estatutos desta casa non se adecuaron no seu día, polo que se modificaron agora. Esta modificación non está motivada no dixo o Sr. Rodríguez Puga de falta de mérito, capacidade, senón que o que se recolle é que o persoal pode ser de natureza laboral ou funcionarial, segundo proceda. Pídelle á oposición que se cingan ós puntos da orde do día e non saquen os temas de contexto.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que el se cinguiu ó que se recolle no auto e non está facendo ningún tipo de especulación. As cifras son claras, de 1.166.000 euros de orzamento do INORDE 893.000 van destinados a gastos de persoal e unicamente 3.000 euros para investimentos. En canto a que o seu partido o ten cru, di que non lle vai pedi-lo parecer ó portavoz do Grupo Popular, porque cando lle diga unha cousa vai face-la contraria.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que lle dan uns datos que son unha trampa porque poñen os proxectos europeos (Promercado, Estacións Vivas ...) como investimento con recursos externos. Manifesta que sabe que é algo burro pero non tanto como pensa o Grupo Popular. O proxecto Estacións Vivas remata este ano, e cando el vén á Deputación pasa por Santa Cruz (que é unha das estacións) e estaba pechada, cando aquí se dixo que estaba aberta e para pagar este proxecto incluso houbo que recorrer á expedientes de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

modificación de créditos. Volvendo ó punto do debate di que reconece que hai que adaptarse á lei guste ou non guste, pero non se pode dicir que o grupo de goberno se adiantou a ningunha sentenza.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que non lle vai pedir ó Sr. Rodríguez Puga que lle faga caso, pero os cidadáns galegos unha e outra vez falan nas urnas. Pregunta cantas sentenzas teñen saído en canto á política de persoal desta Deputación que levan tantos anos criticando. Isto foi un auto anterior á unha sentenza que xa virá, por iso di que se adiantaron á sentenza adaptando a ordenanza e os estatutos a unha normativa posterior á súa elaboración. Reitera que a modificación só se refire a recoller nos estatutos que o persoal do INORDE pode ser laboral ou funcionario, segundo corresponda. Na provincia de Lugo (gobernada por PSOE e BNG) acaban de eliminar para o ano 2013 o INLUDES integrando todo o seu persoal na Deputación e non quere falar de SUPLUSA (a URBAOURENSE de Lugo), porque hai que te-lo mesmo discurso cando se goberna que cando se está na oposición. Para rematar di que a proposta do acordo é modifica-lo artigo 18.1 dos estatutos do INORDE nin máis nin menos.

Non se producen mais intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista, o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 18.1 dos estatutos do INORDE, quedando como segue:

“O persoal técnico, administrativo ou auxiliar necesario para o funcionamento do Instituto será contratado por este, con suxeición ós principios de mérito, capacidade e publicidade, e mediante os procedementos de oposición, concurso ou concurso oposición. O dito persoal terá natureza funcional ou laboral segundo proceda conforme co establecido na lexislación vixente”.

**2º.-** Someter a información pública, por prazo de 30 días, a presente modificación, mediante anuncio que será inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación. Durante o dito prazo calquera persoa interesada poderá formula-las alegacións que estime oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de que non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

aprobación inicial, procedéndose á publicación do texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia.

**3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 2/2012 DO INORDE.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que agradece a preocupación que ten por eles ó Sr. Álvarez Dobaño, pero que eles non están preocupados e que saben ben as liñas para seguir. O INORDE segue a ser un saco sen fondo, devorando diñeiro público e que de non acudir a esta modificación de crédito tería verdadeiras dificultades para poder pagar cuestións tan básicas como a auga ou a luz. Este suplemento de crédito, elevaría o orzamento real para 2012 en máis de 2 millóns de euros (2.072.385,00 €). Xa o dixeron o outro día no debate dos orzamentos, polo que lle piden ó presidente que non siga enterrando diñeiro público nun organismo que é ineficaz, ineficiente e dilapidador de diñeiro público, como se constata en que o propio Partido Popular non cre nel, porque non só non se redimensiona coa supresión do Padroado Provincial de Turismo e Urbaourense, senón que queda reducido á nada. A gran cantidade de fondos, librados pola Deputación Provincial, non se notan, 25 anos despois, na contribución do desenvolvemento económico da provincia de Ourense, e a mellora dos parámetros da provincia e dos seus cidadáns. Moitas das funcións do INORDE, especialmente no que ten que ver coa xestión de recursos europeos, solápanse coa existencia de servizos dentro da propia deputación que teñen unha idéntica finalidade. Unha vez máis piden que se elimine o INORDE.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que está canso de alusións a outras institucións e sobre todo cando son inxustas. Fálase de Lugo porque na actualidade ten un presidente socialista, pero é que esta Deputación leva toda a vida gobernada polo Partido Popular e en Lugo gobernaron case toda a vida e ó mellor quen creou o INLUDES non foi o presidente socialista. Facendo comparacións pregunta cómo a Deputación de Lugo ten só 500 traballadores con case o dobre de orzamento que a de Ourense. Non poden votar a favor da modificación de créditos do INORDE porque non cren nesa institución, igual que o grupo de goberno tampouco cre nela, rebaixando o seu orzamento nun 50% e para o único que serve é para mante-los privilexios de certas persoas, xa que hai moitos traballadores (non só os de alta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

dirección) que cobran máis de 40.000 euros e só hai 3.000 euros para investimento. Pola venda de animais ingrésanse uns 5.000 euros, pero mantemos case un millón de euros para gastos de persoal e esta non é a forma de actuar dun goberno serio. Pensa que cando unha institución non funciona e os seus xefes non cumpren as súas funcións, haberá que recortar tamén nos xefes, non só nos de abaixo. Agora vÉn esta modificación de créditos para pagar contratacións (cre lembrar) feitas a mediados de ano.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que el considera tan importante Á oposición como o goberno, e ó BNG faille falta máis calma que ó PP, porque é mellor que todos estean xuntos e defendan o mesmo. En canto ó que dixo o Sr. Gómez Pérez de que non son un goberno serio, hai pouco os cidadáns nas urnas dixeron que continuaran, entón si deben ser un goberno serio. O punto para tratar é unha modificación de créditos do INORDE con cargo ó remanente de tesourería dispoñible do ano anterior. Non se xera nin se suplementa ningún crédito extraordinario para persoal. O remanente de tesourería está para algo, e no canto de liquidar un orzamento con déficit líquídase con remanente, e como non somos unha empresa que teña que pagar dividendos, hai que gastar nos servizos que se consideren necesarios para os nosos veciños. Neste momento, o grupo de goberno considera que o INORDE pode facer un labor importante no ano 2013, como xa o fixo noutros momentos de mellor bonanza económica, e vai facer unha aposta para que xere recursos externos á marxe dun orzamento tan criticado pola oposición. Pide que se lles deixe traballar ós responsables e traballadores do organismo. Na súa intervención anterior citou a Lugo pero non falou para nada do Sr. presidente, só citou un exemplo dos gobernos (dous) da Deputación de Lugo, que alí fan algo distinto do que a oposición opina aquí. Di que se arranxa-lo problema do INORDE é traspasar todo o seu persoal a esta Deputación non lle ve vantaxes por ningún lado e que el saiba a Deputación de Lugo fixo iso co INLUDE e se non é así pide que o corrixan.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que o Sr. Álvarez Dobaño pide que se deixe traballar ós responsables do INORDE para xerar recursos e xa levan 25 anos esperando, porque o desenvolvemento da provincia non se notou, entón imos esperar outros 25 anos máis para ve-lo que ocorre.

**D. José Igancio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, reitera que se podería aforrar con persoal (a non ser que algún teña unha cláusula como a de Ronaldo ou a de Mourinho) e se desaparece o INORDE non só se aforra en persoal, senón que hai outro tipo de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

gastos correntes que desaparecerían. Antes non quixo dicir que esta modificación sexa para pagar persoal, senón que lembraba que algunha outra modificación se fixo para contratar un veterinario. Reitera que non cren no INORDE e moito menos agora nos momentos en que estamos e seguramente dentro dun ano lle terán que dá la razón.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, reitera que el xa dixo que a aposta do INORDE é o vindeiro ano 2013. Pensa que hai certa confusión coas funcións do INORDE, porque á parte de investimentos ten funcións de captación de recursos e o asesoramento a concellos e a empresas. Recoñece que a política de comunicación tiña que ser un pouco máis aberta e directa para que todos saibamos o que fai. Non sabe o que pasará no ano 2014, pero a aposta é para o ano 2013.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que o INORDE é un organismo autónomo dependente da Deputación e que pode ter un funcionamento axeitado e servir para os fins para os que foi creado. Non sabe se dentro de 25 anos o Sr. Rodríguez Puga os poderá felicitar por esta segunda etapa do INORDE, pero o que está claro é que aínda que se reducen as achegas da Deputación pensan que pode ser un instrumento perfectamente apto para seguir co seu labor e esforzándose na comunicación para que todos saiban as cousas que se fan, que son moitas e hai que potencialas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

<b>SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b>		
<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Expresión</b>	<b>Importe €</b>
42211/202.00	Arrendamento de locais	21.000,00.-
42211/221.00	Subministración enerxía eléctrica	5.000,00.-
42211/221.01	Subministración de auga	2.500,00.-
42211/221.03	Subministración combustible carburante	21.000,00.-
42211/221.13	Subministración manutención animais	9.000,00.-
42211/222.00	Comunicacións servizos telecomunicacións	4.500,00.-
42211/222.01	Comunicacións postais	1.500,00.-
42211/222.03	Comunicacións informáticas	4.000,00.-

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

42211/226.03	Publicacións diarios oficiais	800,00.-
42211/226.10	Gastos menores	6.000,00.-
42211/226.14	Centro Agrogandeiro Xinzo	20.200,00.-
42211/226.16	Actividades de turismo	20.000,00.-
42211/227.07	Convenios e traballos técnicos proxectos europeos	2.500,00.-
42211/227.10	Gastos diversos feiras e exposicións	2.000,00.-
42211/622.00	Investimentos reais en edificios	64.000,00.-
42211/623.00	Investimentos reais en maquinaria	1.100,00.-
<b>Suma de suplementos de crédito</b>		<b>185.100,00.-</b>
<b>RECURSOS UTILIZADOS</b>		
Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais		185.100,00.-

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

#### **4º.- PROXECTO DE ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ANÁLISES DE TERRAS DO INORDE.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, anuncia que o seu grupo vai mantela abstención puntualizando que esta é outra das cuestións que resulta dificilmente entendible por parte da administración provincial, por máis que se pretende vender como un elemento coadxuvante para o agro da provincia. Desde o BNG entenden que non ten ningún sentido que a Deputación siga mantendo o Instituto do Campo e as distintas granxas, e que estes organismos deberían de estar traspasados á Xunta de Galicia. Xa houbo intentos serios, por parte do goberno de coalición na Xunta, a través da Consellaría do Medio Rural, que non acabaron frutificando porque a Deputación quería que a Xunta asumise o persoal, ademais das infraestruturas. En todo caso, o traspaso á Xunta garantiría máis e mellores servizos ós gandeiros e agricultores da Provincia, independentemente do territorio onde se asenten, cun laboratorio de referencia e centros especializados ó seu servizo.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, non sabe ben canto tempo leva funcionando este laboratorio, pero eles sempre defenderon os prezos públicos. Di que o seu voto en contra é evidente porque, como xa dixo, non cren no organismo. Este servizo poderíase levar desde o Servizo de Augas e Medio Ambiente, que é un servizo que non funciona mal nesta Deputación, e cre que algún día se realizará desde este servizo.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, reitera que o grupo de goberno fai unha aposta polo INORDE, e unha das razóns é precisamente este servizo, e senón que lles preguntes ós labregos. Ten entendido que se non existise este servizo os labregos da Limia o pasarían mal. Se este prezo público non se aplicou con anterioridade foi porque había outra bonanza económica que non hai hoxe, e a situación actual obriga a tomar medidas para que todos colaboren cos gastos. En canto a que é unha competencia impropia, di que esta Deputación xa está dando mostras de desfacerse dos servizos impropios e xa o Sr. presidente o expuxo no Plan Ourense 92. O anterior presidente da Deputación intentou negocia-lo traspaso de certos servizos co anterior goberno bipartito da Xunta de Galicia, pero a vontade foi a que foi, e como dicía el “o que leve a carne que leve tamén os ósos”.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que non lle parece moi axeitada a frase da carne e os ósos, xa que esta Deputación ten moita experiencia en comer ósos.

Intervén o **Sr. presidente** para lembrar que se aproba esta ordenanza porque é a partir de 2013 cando temos acreditado e homologado o laboratorio para poder facer este servizo de análises.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de análises de terras do INORDE, co seguinte texto:

**Artigo 1.- Obxecto.**

Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do establecemento e fixación dos prezos públicos provinciais pola prestación de servizos de análises de terra e recollida de mostras no laboratorio homologado dependente do INORDE.

**Artigo 2.- Prestacións suxeitas ó pagamento de prezos públicos.**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

1. Declárase suxeita ó pagamento de prezos públicos a prestación dos seguintes servizos de análise de terra.

1.1 Análises

*a) Análise básica de solo e informe no que se recollan os seguintes parámetros:*

- ph.
- Contido en materia orgánica calcinables.
- Fósforo asimilable, segundo o método de Olsem.
- Potasio asimilable, determinado por espectrofotometría de chama.
- Calcio asimilable, determinado por espectrofotometría de absorción atómica.
- Magnesio asimilable, determinado por espectrofotometría de absorción atómica.
- Sodio asimilable, determinado por espectrofotometría de chama.
- Capacidade efectiva de intercambio catiónico.
- Relación K/Mg.
- Relación Ca/Mg.
- Relación K: Ca: Mg

b) Análise de nematodo:

- Contido de quistes de Globodera spp, en 100 g. de solo.
- Contido de ovos e xuvenís de Globodera spp, en 100 g. de solo.

1.2. Se se lle encomenda ao Inorde a recollida das mostras no terreo, percibirase un prezo independente por esta prestación.

**Artigo 3.- Fixación dos prezos.**

1. Como regra xeral, os prezos públicos que se establezan deberán cubrir como mínimo o custo real e efectivo dos servizos de que se trate. No dito custo inclúranse os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e os necesarios para o desenvolvemento do servizo, así como os gastos xerais e o beneficio industrial, que non poderá exceder do 6 % do importe total do prezo.

Para garantir o cumprimento desta norma, no expediente de fixación de prezos deberá figurar un informe económico expresivo do custo dos servizos de que se trate.

3. O establecemento das tarifas e demais aspectos concretos dos prezos públicos polos servizos recollidos no artigo 2 corresponderalle ao Consello Reitor do INORDE. Non obstante, o Consello Reitor poderá delegar o exercicio desta competencia na Comisión Executiva. A

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012**

delegación poderá ser revogada polo Consello en calquera momento, ou sometida ás limitacións ou controis que se consideren necesarios para garantir un correcto exercicio da competencia.

A delegación do exercicio da competencia para a fixación dos prezos públicos abranguerá os seguintes aspectos:

a) A fixación das tarifas

b) A concreción detallada das prestacións suxeitas ao pagamento de prezos públicos, dentro dos conceptos definidos no artigo 2.

c) A aprobación de formularios para a autoliquidación dos prezos públicos.

4. Os prezos públicos establecidos nesta ordenanza serán de aplicación xeral a tódolos solicitantes dos servizos antes descritos, quedando prohibida a exención ou dispensa da súa aplicación. No obstante o anterior poderán ser obxecto dunha redución ata o 60% as tarifas establecidas en función de que na prestación dos servizos concorran todas ou algunhas das seguintes circunstancias, sempre que estas determinen unha redución dos custos previsibles:

- Que a prestación se realice dun xeito conxunto ou simultáneo para un número de solicitantes que determine unha redución dos custos.

- Que a prestación se realice en concorrencia con outras circunstancias obxectivas que produzan o sinalado efecto de redución de custos, considerándose entre elas os acordos acadados con administracións públicas e os organismos delas dependentes ou con asociacións representativas dos agricultores e gandeiros.

**Artigo 4.- Obrigados ó pagamento.**

Terán a consideración de obrigados ó pagamento as persoas físicas ou xurídicas que soliciten e reciban os servizos descritos no artigo 2.

**Artigo 5- Procedemento de liquidación.**

Procederá o pago dos prezos públicos no momento da solicitude dos servizos descritos no artigo 2 mediante ingreso na conta do Inorde habilitada para o efecto que se indicará no formulario que se aprobe nos termos fixados no anterior artigo 3.3.

**Disposición final**

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e sempre e cando transcorresen os prazos establecidos no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei reguladora das bases do réxime local.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

2º.- Somete-lo dito acordo a información pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, para a presentación de reclamacións e suxestións. As ditas reclamacións e suxestións serán resoltas polo Pleno desta Deputación Provincial. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

**5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DO IVTM, TAXA DO LIXO, TAXA DE ABASTECIMENTO DE AUGA E TAXA DE SANEAMENTO DO CONCELLO DA BOLA.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acepta-la delegación de competencias nesta Deputación, que acordou o Pleno do Concello da Bola, na sesión do 29 de novembro de 2012, para o exercicio das competencias de xestión tributaria e recadación, tanto en período voluntario como en vía executiva do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, taxa do lixo, taxa de abastecemento de auga e taxa de saneamento, así como das actuacións pendentes dos últimos catro anos e non prescritas. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

**6º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES QUE O CONCELLO DE ENTRIMO TEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DE MULTAS COERCITIVAS.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

- Acepta-la delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Entrimo ten atribuídas en materia de recadación de multas coercitivas, ó abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 30 de novembro de 2012. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

**7º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS SOLICITADA POLO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS, PARA A EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS BENS AFECTADOS POLA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA CASTELLANA E ENSANCHE CAMIÑO FARIXA, N.º 70/PB/2012, NO DITO MUNICIPIO.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1) Acepta-la delegación de competencias solicitada polo concello de San Cibrao das Viñas para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “BEIRARRÚAS EN A CASTELLANA E ENSANCHE CAMIÑO FARIXA”, n.º 70/PB/2012.
- 2) Comunicarlle ó concello de San Cibrao das Viñas que lle corresponderá aboa-las indemnizacións que se deriven da tramitación do expediente expropiatorio, así como os gastos dos anuncios que se deriven del.
- 3) A incoación do expediente expropiatorio.

**8º.- CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, cren que este é un servizo que está a funcionar relativamente ben, aínda que se pode mellorar. Parécelles ben este convenio marco, que recolle achegas que se fixeron desde algún municipio e que foron estimadas. Pide que isto sexa un instrumento vivo e que a súa posible privatización sexa sempre controlada pola administración.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que este é un paso máis para cumpri-lo Plan Ourense 92. O que se pretende con este convenio, como se di na súa cláusula terceira, é unha maior axilidade e eficacia no desenvolvemento da xestión delegada, pactada nas distintas unidades de xestión. Para a súa externalización ou calquera fórmula de xestión indirecta, a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas requirirá o informe previo favorable da comisión xeral de seguimento, que estará representada por membros da Deputación, un representante de cada grupo político e un representante da cada unidade territorial elixido no seu seo. Cre que a transparencia que mostra o equipo de goberno con este convenio é clara e evidente.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos municipios que se adhiran, consonte coas seguintes cláusulas:

**PRIMEIRA.- Obxecto**

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos municipios da provincia, establecendo o réxime xurídico e económico desta fórmula de cooperación.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

Na súa virtude, a Deputación Provincial asumirá o exercicio da totalidade das competencias municipais de ordenación e xestión do servizo nos municipios que se adhiran ó convenio marco, implicando a dita adhesión a delegación do exercicio das ditas competencias nos termos detallados na cláusula 2ª.

Complementariamente, o presente convenio marco regula tamén o réxime da delegación do exercicio das competencias municipais de xestión tributaria e recadación de taxas e impostos dos municipios afectados, como mecanismo de garantía do cumprimento das obrigas económicas municipais relativa á xestión delegada do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. Non obstante, a delegación do exercicio de competencias de xestión tributaria e recadación de taxas ou impostos non será aplicable a aqueles concellos que exclúan expresamente a dita delegación no acordo de adhesión ó convenio, garantíndose o cumprimento das súas obrigacións económicas conforme ás fórmulas alternativas previstas na cláusula 6ª.

**SEGUNDA.- Delegación de competencias relativas ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. Ámbito funcional, material, territorial e temporal.**

1. En virtude da adhesión ó presente convenio, os concellos delegan na Deputación Provincial o exercicio da totalidade das competencias municipais de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, incluídas as competencias sancionadoras en materia de residuos que, conforme coa lexislación vixente, lles correspondan ós concellos.

2. En todo caso, a delegación das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos comprenderá o exercicio das seguintes funcións:

- a) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación da correspondente Ordenanza reguladora.
- b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola súa prestación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das facendas locais.
- c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- d) A planificación do servizo, establecendo, para tal efecto, as rutas e calendarios de recollida, a localización de colectores e as condicións da súa prestación que non

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

requiriran a aprobación dunha ordenanza, así como a planificación e programación dos investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora.

- e) O exercicio da potestade sancionadora, incluíndo a realización de inspeccións e comprobacións do cumprimento da normativa vixente en materia de residuos sólidos urbanos, así como a emisión de ordes de execución, cando legalmente proceda.
- f) A asunción, fronte terceiros, dos dereitos e obrigas que corresponderían ó concello adherido en tanto que titular do servizo nas relacións xurídicas derivadas da prestación do servizo que xurdan a partir do 1 de xaneiro de 2013. Para estes efectos, a Deputación Provincial terá a condición de posuidor dos residuos recollidos nos termos previstos na vixente lexislación de residuos sólidos urbanos, e subscribirá os oportunos contratos de servizo con empresa autorizada para realizar a recepción e tratamento dos residuos da fracción resto, así como os convenios que procedan coas entidades Ecovidrio, Ecoembes e coas empresas recicladoras coas que sexa procedente para a entrega dos residuos que, como é o caso do papel – cartón, sexan obxecto de recollida selectiva.
- g) A dirección do persoal adscrito ó servizo, fronte ó que asumirá a condición xurídica de empregador, nos termos da lexislación laboral vixente, nos supostos en que o servizo delegado se xestione de modo directo pola propia Deputación Provincial.
- h) A organización dos traballos de recollida, a realización de campañas de información entre a poboación, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garanti-la prestación normal, regular e continuada do servizo.
- i) A contratación da xestión indirecta do servizo, se é o caso.
- k) A contratación de prestacións accesorias ó servizo, así como a contratación de obras, subministracións ou servizos necesarios para a súa xestión.
- m) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas, e o exercicio de cantas accións administrativas ou xudiciais procedan en relación co servizo delegado.

3. Para os efectos deste convenio, enténdese que o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos comprende as prestacións de recollida, transporte e entrega a un xestor autorizado – de conformidade co establecido no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia - da

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

totalidade dos residuos que de acordo coa lexislación vixente teñen a consideración de residuos sólidos urbanos. Nesta definición, enténdense comprendidas a recollida selectiva de papel – cartón, vidro e envases lixeiros, así como calquera outro servizo de recollida de residuos que, durante a vixencia do presente convenio, poida atribuírselle pola lexislación vixente á competencia municipal. Considérase incluída, igualmente, no ámbito da delegación a construción, ordenación e xestión de puntos limpos.

4. As competencias delegadas exerceranse no territorio dos concellos delegantes.

5. A delegación de competencias terá plenos efectos con data 1 de xaneiro de 2013 e ata a extinción do convenio para cada concello adherido.

**TERCEIRA.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.**

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser municipal, delegándose unicamente o seu exercicio. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha axeitada participación dos concellos adheridos na toma das decisións fundamentais relativas ó servizo, así como un adecuado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial, sen prexuízo de procurar a maior axilidade e eficacia no desenvolvemento da xestión delegada.

2. O exercicio por parte da Deputación Provincial das competencias delegadas para o establecemento, imposición e ordenación das taxas ou prezos públicos pola prestación do servizo requirirá o previo voto favorable dos representantes dos concellos na Comisión Xeral de Seguimento (ou, no seu caso, dos representantes na comisión territorial competente, cando se solicite a súa intervención conforme ó previsto na cláusula 7ª). En consecuencia, a Deputación só poderá adoptar acordos nesta materia con respecto ós concellos cuxos representantes manifestasen expresamente a súa conformidade.

3. O exercicio por parte da Deputación da competencia delegada para a elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local, e, no seu caso, para a aprobación dos pregos de cláusulas económico – administrativas e de prescricións técnicas que rexerán a contratación da súa xestión indirecta, requirirá o previo informe

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

favorable da Comisión Xeral de Seguimento (e, no seu caso, das comisións territoriais), adoptado co voto favorable da maioría absoluta dos concellos representados.

4. O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá informe previo favorable da Comisión Xeral de Seguimento (e, no seu caso, das comisións territoriais) nos seguintes supostos:

- a) Aprobación da Ordenanza reguladora do servizo, ou das súas modificacións.
- b) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo, cando a súa contía exceda do 20 % do custo económico anual do servizo reflectido na última liquidación aprobada, ou cando sen acadar esta porcentaxe o seu financiamento deba realizarse mediante un incremento das tarifas do servizo.
- c) Os acordos de modificación das condicións xerais de prestación do servizo que non impliquen modificación da Ordenanza reguladora do servizo nin da Ordenanza fiscal, tales como os acordos sobre planificación xeral do servizo, o establecemento e modificación das rutas, horarios e calendarios de recollida, a localización de colectores ou a modificación das prestacións que comprende.
- d) Os acordos para o establecemento das condicións para a adxudicación de contratos por importe de máis de 120.000,00 €, ou a subscrición de convenios de colaboración relacionados coa prestación do servizo.
- e) A formalización de convenios con outras administracións públicas.

5. Requirirá informe previo da comisión a aprobación das liquidacións provisionais e da liquidación anual do servizo regulada na cláusula sexta do presente convenio, así como a subscrición de acordos, pactos pu convenios cos traballadores adscritos ó servizo e transferidos dende ós concellos á Deputación Provincial ó abeiro do presente convenio.

6. O exercicio das competencias delegadas no resto de supostos poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da dación de conta dos ditos actos á Comisión Xeral de Seguimento, cunha periodicidade mínima semestral.

7. A Comisión Xeral de Seguimento poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.

8. Os concellos adheridos poderán obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012**

á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de dez días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á Comisión Xeral de Seguimento sobre a marcha do servizo.

**CUARTA.- Delegación de competencias para a xestión tributaria e recadación da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos e puntos limpos, IBI, IAE e IVTM (así como das taxas de abastecemento domiciliario de auga e saneamento e depuración de augas residuais, se é o caso) nos concellos adheridos.**

1. Os concellos adheridos delegan na Deputación Provincial de Ourense, agás que manifesten o contrario no acordo de adhesión, as facultades de xestión tributaria e recadación dos seguintes tributos municipais:

- a) Taxas do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, incluída, no seu caso, a taxa polo uso do servizo do punto limpo.
- b) Imposto de bens inmobles (IBI)
- c) Imposto de actividades económicas (IAE)
- d) Imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM)
- e) Taxas polos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiros e depuración de augas residuais.

Os concellos poderán excluír da delegación todos ou algún dos tributos sinalados. No suposto en que non se delegue a xestión tributaria e recadación de ningún tributo, ou que o padrón tributario dos tributos delegados sexa insuficiente para garantir o cumprimento das obrigas económicas derivadas do presente convenio, os concellos adheridos deberán constituír garantía en calquera das formas previstas na cláusula 6ª, ata cubrir o total do importe anual estimado das obrigas económicas derivadas deste convenio que se prevexan.

2. O contido da delegación, no seu caso, e para cada tributo, é o seguinte:

2.1. Imposto sobre bens inmobles (IBI):

A Deputación exercerá as facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles (IBI) previstas no artigo 77 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que abranguerán:

- Concesión e denegación das exencións e bonificacións que procedan.
- Realización de liquidacións para determina-las débedas tributarias.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios, así como liquidacións por ingresos directos.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo e individuais nas liquidacións por ingreso directo.
- Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidacións de xuros por demora.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

Co fin de dotar da necesaria efectividade á xestión tributaria do imposto sobre bens inmoables, délgase igualmente na Deputación Provincial a facultade para, conforme co previsto no artigo 77 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establecer acordos ou convenios de colaboración co Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria conducentes á formación do padrón do imposto deste termo municipal e ó ditado dos actos administrativos que motiven a modificación deste conforme se determina no artigo 77 da citada lei, agás que o concello, no acordo de adhesión ó convenio, expresamente exclúa esta delegación.

## 2.2. Imposto sobre actividades económicas (IAE):

A Deputación Provincial exercerá as facultades de xestión tributaria do imposto sobre actividades económicas (IAE) previstas no artigo 91 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que abarcarán:

- Concesión e denegación de exencións que procedan.
- Realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias.
- Emisión de instrumentos de cobro de recibos e liquidacións por ingreso directo.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para a información e asistencia ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

### 2.3. Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM):

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

-Remisión do Padrón (por única vez) para os efectos de proceder á súa informatización pola Deputación, remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 4 anos, para os efectos de poder iniciar-la executiva. Esta obriga refírese unicamente ós concellos que non tivesen delegada a competencia con anterioridade á entrada en vigor do presente convenio.

-Remitirle á Deputación as altas, transferencias, baixas, cambios de domicilio, e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación do imposto, de que teñan coñecemento. (Datos da Xefatura de Tráfico).

-Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación no imposto, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elaboralo correspondente informe e expedir-lo documento acreditativo desta.

-Remiti-las domiciliacións existentes.

-Remiti-la Ordenanza Fiscal aplicable .

b) Facultades de xestión da Deputación:

-Expedición do primeiro recibo no caso de alta de vehículos por matriculación.

-Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.

-Elaboración de listas, recibos e documentos cobratorios.

-Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo e individuais.

-Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.

-Liquidación de xuros por demora.

-Resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos.

-Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.

-Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.4. Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos (e rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, se é o caso):

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

-Remisión do Padrón (por única vez) para os efectos de proceder á súa informatización pola Deputación remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 4 anos, para os efectos de poder inicia-la recadación executiva. Esta obriga refírese unicamente ós concellos que non tivesen delegada a competencia con anterioridade á entrada en vigor do presente convenio.

-Remitirle á Deputación, as altas, transferencias, baixas e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación da taxa, de que teñan coñecemento.

-Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación da taxa, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elabora-lo correspondente informe e expedir-lo documento acreditativo desta.

-Remiti-las domiciliacións existentes.

-Remiti-la Ordenanza Fiscal aplicable, no caso de que esta non fose aprobada pola propia Deputación.

b) Facultades de xestión da Deputación:

-Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.

-Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios.

-Práctica de notificacións colectivas en valores- recibo individuais.

-Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.

-Liquidación de xuros por demora.

-Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.

-Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.

-Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.5. Taxa de subministración de auga potable (de se-lo caso):

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

-Remisión do Padrón anualmente, semestralmente, trimestralmente ou bimensualmente, segundo o criterio fixado na ordenanza, pois a lectura de contadores farase polo Concello para os efectos de proceder á súa informatización pola Deputación, remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 4 anos, para os efectos de poder inicia-la executiva.

-Remitirlle á Deputación, as altas, transferencias, baixas e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación da taxa, de que teñan coñecemento.

-Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación da taxa, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elabora-lo correspondente informe e expedir-lo documento acreditativo desta.

-Remiti-las domiciliacións existentes.

-Remiti-la Ordenanza Fiscal aplicable.

b) Facultades de xestión da Deputación:

-Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.

-Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios.

-Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo individuais.

-Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.

-Liquidación de xuros por demora.

-Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.

-Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.

-Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.6. Contidos de aplicación a tódolos tributos:

As facultades delegadas de xestión tributaria e recadación en período voluntario e executivo, tanto de débedas por recibo como de liquidacións por ingreso directo e, se é o caso, de autoliquidacións, correspondentes ó imposto sobre bens inmobles, actividades económicas, vehículos de tracción mecánica, taxa de recollida de residuos sólidos urbanos e puntos limpos, e taxas de abastecemento de auga potable, sumidoiros e depuración (no seu caso) abarcarán cantas actuacións comprende a xestión tributaria e recadatoria de acordo coa lexislación aplicable e, en todo caso o seguinte:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

- Practicar notificacións colectivas en débedas por recibo e individuais en liquidacións por ingreso directo.
- Fixar prazos de cobro en período voluntario en débedas por recibo.
- Establecer, de ser necesario, itinerarios de cobranza.
- Conferir e revogar ás entidades de depósito o carácter de entidades colaboradoras e establece-los límites da colaboración.
- Expedir relacións certificadas de debedores por recibos e certificacións de descuberto por liquidacións de ingreso directo.
- Dita-la providencia de prema en recibos e certificacións de descuberto e resolve-los recursos contra o devandito acto administrativo.
- Liquidar xuros de demora para a súa aplicación en tódalas débedas en que aqueles sexan esixibles.
- Conceder ou denegar aprazamentos e fraccionamentos en voluntaria e executiva.
- Recibir e custodiar garantías de débedas ou dispensalas.
- Ordena-la constitución de hipotecas especiais.
- Ditar acordos de derivación de procedemento.
- Efectuar peritaxes e valoracións de bens embargados.
- Autorizar e presidir subhastas.
- Acorda-la suspensión do procedemento.
- Iniciar tercerías de dominio e de mellor dereito.
- Propoñe-la adxudicación de predios ó Concello, expedindo as certificacións necesarias para a súa inscrición nos rexistros públicos.

#### 2.7. Outras condicións da delegación:

- 1) A Deputación Provincial de Ourense exercerá as facultades obxecto da presente delegación na forma que acorde a expresada Corporación.
- 2) Para o exercicio das facultades delegadas, o servizo aterase ó ordenamento local e á lexislación aplicable de acordo co establecido na Lei reguladora das facendas locais, así como na normativa que en materia de xestión e recadación tributarias poida dita-la Deputación Provincial en uso da súa potestade regulamentaria prevista no artigo 106.2 da Lei de bases de réxime local, e na ordenanza municipal de xestión de tributos, segundo modelo uniforme facilitado pola Deputación.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

- 3) Polo exercicio das funcións delegadas no presente acordo, a Deputación Provincial percibirá as compensacións económicas previstas na actual Ordenanza Provincial Fiscal vixente na materia.

As cantidades a que dea lugar a devandita compensación económica serán retiradas das entregas e liquidacións correspondentes que se realicen ó Concello .

- 4) A devolución dos ingresos indebidos que, de se-lo caso, se produza, ocasionará a dedución da cantidade correspondente das liquidacións que deban renderse ó Concello, sendo por conta da Deputación Provincial a devolución da parte de recarga de prema percibida só nos casos en que a causa que dea orixe á devandita devolución sexa imputable á súa actuación no exercicio das facultades delegadas.

A compensación de débedas en período voluntario que, de conformidade coa lexislación aplicable, o Concello puidera acordar, requirirá a intervención do servizo para a súa realización, debendo, en calquera caso, entenderse como débedas cobradas para os efectos do premio de cobranza e das recargas ou participacións que á Deputación Provincial poida corresponder nestas.

- 5) Os anticipos a conta da recadación rexeranse polo disposto na ordenanza fiscal antes mencionada. En todo caso, non se concederán anticipos sobre a recadación da taxa de recollida do lixo, dado que os gastos do servizo son asumidos integramente pola Deputación Provincial, ó estar delegada a xestión nesta última.

- 6) As cantidades que correspondan pola recadación obtida serán transferidas ó Concello mensual ou trimestralmente, segundo o seu importe, acompañadas da documentación xustificativa, rendéndose anualmente, polo servizo a conta da súa xestión recadatoria. Das ditas cantidades deduciranse, se é caso, os gastos soportados pola Deputación Provincial pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos que non resultasen cubertos pola recadación da taxa de recollida de lixo, segundo a última liquidación dos custes do servizo aprobada.

**QUINTA.- Traspaso de medios persoais e materiais adscritos ó servizo.**

1. O persoal laboral municipal transferido á Deputación Provincial polos concellos en virtude de convenios de cooperación anteriores que tivesen por obxecto a xestión delegada do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos continuará dependendo da Deputación Provincial durante a vixencia do convenio, nas condicións establecidas no artigo 44 do Estatuto dos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

Traballadores, sen prexuízo da posibilidade da subrogación na súa posición xurídica de empregador por parte da entidade que no futuro poida xestionar directa ou indirectamente o servizo.

2. Os concellos que deleguen na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación e xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos por primeira vez mediante a súa adhesión a este convenio marco transferirán o seu persoal laboral que estivese adscrito de xeito exclusivo ó servizo municipal de recollida de RSU e xestión de puntos limpos á Deputación Provincial, en virtude de sucesión de empresa e nas condicións establecidas no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores.

3. En caso de revogación da delegación ou extinción por calquera causa da vixencia do convenio, o persoal transferido á Deputación Provincial reverterá á súa administración de orixe, entendendo por tal ó concello de procedencia. Os concellos contraen expresamente, para estes efectos, a obriga de asumir ó dito persoal nos supostos sinalados, recoñecéndosele ademais ó dito persoal o dereito a conserva-las condicións e dereitos laborais adquiridos, se é o caso, en virtude de negociación coa Deputación Provincial ou entidade que a suceda conforme co establecido no apartado seguinte. Esta regra será de aplicación incluso no suposto no que a relación xurídica laboral do persoal transferido fora obxecto de subrogación por parte dunha entidade pública ou privada en virtude de xestión directa por entidade diferente á Deputación ou xestión indirecta do servizo.

A mesma regra será de aplicación nos supostos en que o cadro de persoal adscrito ó servizo no momento da extinción do convenio marco se modifícase con respecto ó existente no momento da adhesión, tanto no relativo á identidade persoal como ó número de traballadores transferidos. Nestes supostos, o persoal que será obxecto de sucesión por parte dos concellos determinarase en proporción á achega económica ó servizo delegado que lle correspondese ó concello afectado e tendo en conta o criterio da maior proximidade xeográfica ó dito concello do centro de traballo do traballador ou traballadores.

4. Ó abeiro do establecido no artigo 44.4 do Estatuto dos Traballadores, e en tanto non se produza a extinción dos convenios colectivos de orixe aplicables ó persoal transferido, a Deputación Provincial ou entidade que a suceda poderá negociar e subscribir acordos cos traballadores transferidos ou os seus representantes, que teñan por obxecto os dereitos e obrigas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

integrantes da relación laboral. Será preceptivo, para a aprobación deste acordos, o informe previo da Comisión Xeral de Seguimento do convenio de cooperación.

Unha vez aprobados, estes acordos seranlles de aplicación ós traballadores afectados, que conservarán as condicións adquiridas na súa virtude incluso en caso de reversión ó concello de orixe, ata a extinción da vixencia dos ditos acordos ou convenios.

Sen prexuízo do anterior, tanto os convenios colectivos de orixe como, no seu caso, os acordos acadados baixo a súa vixencia coa Deputación Provincial, manteranse ata a súa data de expiración ou ata a entrada en vigor dun novo convenio colectivo que resulte de aplicación a estes traballadores.

5. Con efectos do 1 de xaneiro de 2013, quedarán adscritos ó servizo intermunicipal delegado xestionado pola Deputación Provincial tódolos medios materiais que ata a data estaban adheridos ás distintas unidades de xestión creadas en virtude de convenios anteriores relativos á xestión delegada do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. Igualmente, quedarán adscritos a este servizo intermunicipal os medios materiais de titularidade municipal que ata ese momento estivesen destinados de forma exclusiva ó servizo de recollida de RSU no termo municipal dos concellos que deleguen na Deputación a ordenación e xestión do servizo por vez primeira mediante a súa adhesión a este convenio marco.

A Deputación Provincial poderá proceder ó cambio de adscrición dos ditos medios materiais e/ou á súa substitución por outros de nova adquisición ou procedentes doutros servizos provinciais, así como á súa baixa no inventario no momento no que a súa deterioración os volva inservibles para o servizo, sen que en ningún caso o cambio de adscrición poida supoñer unha diminución da calidade do servizo prestado en cada concello.

**SIXTA.- Réxime económico do servizo delegado.**

1. Para os efectos do establecido na presente cláusula, consideraranse custos do servizo tódolos custos directos ou indirectos, incluídos os de carácter financeiro, a amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e o desenvolvemento razoable e sostible do servizo.

Entre os custos de amortización do inmovilizado incluírase, en todo caso, a amortización dos vehículos propiedade da Deputación Provincial que queden adscritos ó servizo, ou daqueloutros que no futuro poidan adscribirse, así como os seus gastos de mantemento.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

Non obstante o anterior, non se lle imputarán, en ningún caso, ós concellos, os custos do servizo consistentes en gastos de persoal provincial que non estea adscrito de xeito exclusivo a este servizo intermunicipal, nin os custos de funcionamento das unidades administrativas de carácter xeral da Deputación, sen prexuízo de que a parte proporcional destes custos que corresponde ó servizo poida ser tomada en consideración para a fixación das taxas do servizo.

2. A distribución dos custos do servizo entre os concellos adheridos realizaranse do seguinte xeito:

a) Os custos do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos que correspondan á prestación do servizo no Polígono de Barreiros, Polígono Empresarial de San Cibrao das Viñas e Parque Tecnolóxico de Galicia, liquidaranse de xeito separado, imputándose ó Concello de San Cibrao das Viñas.

b) O custo do resto dos servizos de recollida distribuiranse entre os concellos adheridos de modo proporcional á poboación de dereito de cada concello segundo a última cifra oficial de poboación vixente no momento de aprobarse a liquidación.

3. A Deputación Provincial aprobará as liquidacións provisionais e definitiva correspondentes, coa seguinte periodicidade:

- Cuadrimestralmente aprobarase unha liquidación provisional, no mes seguinte ó remate de cada cuadrimestre natural.

- Anualmente, aprobarase a liquidación definitiva, no mes de xaneiro do ano seguinte ó exercicio vencido.

Sen prexuízo do anterior, a Comisión Xeral de Seguimento poderá modificar a periodicidade das liquidacións provisionais para todos ou algún dos concellos adheridos.

Unha vez aprobada e notificada ós concellos, a liquidación provisional será executiva, procedendo a Deputación Provincial a facela efectiva con cargo á recadación obtida nos tributos delegados. No caso de que a recadación fose insuficiente para aboa-los ditos custos, a Deputación poderá notificar ós concellos a liquidación resultante, para que procedan ó seu pagamento conforme ó disposto no parágrafo seguinte, ou proceder directamente a compensalos con calquera dereito de crédito que o concello afectado teña contra a Deputación Provincial, trala tramitación previa do oportuno expediente de compensación de débedas.

No caso dos concellos que no delegasen a xestión tributaria e recadación das taxas e impostos a que se refire a cláusula 4ª, deberán proceder a aboa-la liquidación no prazo dun mes

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

dende a súa notificación. De non aboala no dito prazo, a Deputación poderá proceder á compensación da débeda con calquera dereito de crédito que o concello afectado teña contra a Deputación, trala tramitación do oportuno expediente de compensación de débedas, ou ben poderá proceder á execución das garantías previstas no parágrafo seguinte.

4. Os concellos que non deleguen na Deputación Provincial a competencia de xestión tributaria e recadación das súas taxas e impostos, garantirán o cumprimento das obrigacións económicas derivadas do convenio mediante a constitución das seguintes garantías:

- Aval prestado por entidade de crédito, polo importe total das obrigacións económicas estimadas anualmente, executable directamente a requirimento da Deputación

- Seguro de caución polo importe total das obrigacións económicas estimadas anualmente, executable directamente a requirimento da Deputación.

- Acordo de afectación da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma do concello, polo que se autorice á Deputación a requirir ó seu favor o ingreso das cantidades adebedadas, sendo título executivo suficiente a certificación de descuberto expedida pola Intervención provincial. O acordo deberá afectar a participación en tributos ata o importe das obrigas económicas estimadas anualmente, e para a súa validez deberá acompañarse de certificación expedida polo secretario ou secretario – interventor do concello no que se expresen as débedas líquidas, vencidas e esixibles do concello coa Administración Xeral do Estado e calquera dos seus entes dependentes, a Comunidade Autónoma e calquera dos seus entes dependentes e a Tesourería da Seguridade Social, e se acredite que a cantidade afectada da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma, segundo o caso, non se atopa xa afecta ó cumprimento doutras obrigas de calquera clase.

O importe das obrigacións previsibles para cada exercicio a efectos da constitución das garantías determinarase mediante un estudo económico que será elaborado polo Servizo de Augas e Medio Ambiente da Deputación Provincial e aprobado pola Presidencia.

No suposto de concellos que delegasen a xestión tributaria e recadación de determinados tributos, cuxo importe segundo o último padrón tributario sexa insuficiente para garantir as obrigas económicas derivadas do presente convenio, deberán igualmente constituír garantía polo importe da diferenza resultante.

As garantías deberán actualizarse en cada exercicio, conforme ó estudo de obrigacións previsibles. No exercicio 2013, as garantías deberán constituírse antes do día 1 de marzo. Nos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

exercicios sucesivos, deberán actualizarse no prazo dun mes dende a comunicación da resolución da Presidencia aprobando o estudo económico.

A falla de constitución ou actualización das garantías dará lugar á resolución automática do convenio co concello incumpridor. A Deputación Provincial, previo informe da Comisión Xeral de Seguimento, acordará o cesamento do servizo e reversión dos medios humanos e materiais que procedan, que en todo caso será notificado cunha antelación mínima dun mes respecto da data da súa efectividade. Posteriormente, aprobarase a liquidación definitiva do convenio.

Non obstante o anterior, se o concello constituíse ou actualizase debidamente a garantía esixida durante a tramitación e antes da notificación da resolución de cesamento do servizo, esta quedará sen efecto, seguindo a vixencia do convenio.

**SÉTIMA.- Comisión de seguimento.**

1. As funcións de seguimento, control, informe e interpretación do presente convenio corresponderán a un sistema de comisións paritarias, integrado por unha Comisión Xeral de Seguimento e unha comisión de seguimento para cada unidade territorial das definidas no cláusula décimo segunda.

A comisión de seguimento de cada unidade territorial estará integrada polos seguintes membros:

a) En representación da Deputación Provincial:

- O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.
- O secretario xeral, o interventor, o tesoureiro, o xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente, o xefe do Servizo de RR.HH. e o xefe do Servizo de Recadación, ou funcionarios que legalmente os substitúan, en tódolos casos con voz pero sen voto.

b) En representación de cada concello:

- O alcalde ou concelleiro en quen delegue, que poderá participar coa asistencia de persoal técnico que considere conveniente, contando este persoal con voz pero sen voto.

A Comisión Xeral de Seguimento estará integrada polos representantes da Deputación Provincial sinalados no anterior apartado a) e ademais un representante de cada grupo político existente na Deputación, con voz pero sen voto, e por un representante de cada unha das

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

unidades territoriais, elixido por maioría absoluta en primeira votación e maioría simple en segunda votación no seo da comisión de seguimento de cada unidade. A estes efectos, para a elección do representante de cada comisión de seguimento na Comisión Xeral só se terán en conta os votos dos representantes municipais, carecendo de voto a Deputación para a adopción dos acordos de elección.

Os representantes das comisións de seguimento na Comisión Xeral perderán a súa condición cando perdan a de membros da comisión pola que foron elixidos, por renuncia ou cando sexan destituídos por acordo expreso da dita comisión, adoptado por maioría absoluta. Neste último suposto, a comisión deberá elixir un novo representante na mesma sesión na que se acorde a destitución.

2. As funcións de secretaría das comisións de seguimento e da Comisión Xeral corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación, sen prexuízo da súa condición de vogal.

3. As comisións de seguimento de cada unidade terán carácter paritario, correspondéndolle un voto a cada concello e, á Deputación Provincial, un número de votos equivalente á suma do número dos votos municipais.

A Comisión Xeral terá igualmente carácter paritario, correspondendo a cada concello un número de votos equivalente ó número de concellos integrantes da unidade territorial á que representa e, á Deputación Provincial, un número de votos equivalente á suma do número dos votos municipais.

Os representantes municipais na Comisión Xeral poderán emitir os distintos votos de que dispoñan en sentido diferente, sempre que fagan constar en cada caso o sentido diferenciado do voto de cada concello integrado na unidade territorial á que representan.

4. Son funcións das comisións as seguintes:

- a) Ser informada, polo menos anualmente, do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
- b) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
- c) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.
- d) Informa-los supostos de resolución do convenio.
- e) Emite-los informes previstos na cláusula terceira do convenio.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

- f) Informar as solicitudes de adhesión ó convenio que se formulen con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2013.

O exercicio destas funcións corresponderá de xeito ordinario e permanente á Comisión Xeral de Seguimento. Non obstante o anterior, o secretario da Comisión Xeral dará traslado ós alcaldes de tódolos concellos adheridos do contido dos acordos adoptados en cada sesión. Os alcaldes disporán dun prazo de dez días naturais, contados a partir da recepción da notificación, para solicitar da Presidencia a convocatoria da comisión de seguimento da unidade territorial da que formen parte, co fin de tratar novamente o asunto ou asuntos que estimen convenientes. Os acordos da Comisión Xeral non terán efectos ata que transcorra o indicado prazo de dez días ou ata que se adopte o acordo que proceda pola comisión de seguimento da unidade territorial, que, no seu caso, prevalecerá para os concellos integrantes da unidade respecto do acordado pola Comisión Xeral.

Sen prexuízo do anterior, e excepcionalmente, cando existan graves razóns de interese público que o fagan necesario, a Comisión Xeral poderá declarar a inmediata executividade dos seus acordos, que se manterá ata tanto non se adopte un acordo diferente pola comisión de seguimento dunha unidade territorial.

A Comisión Xeral será competente para modificar as unidades territoriais establecidas na cláusula décimo segunda do presente convenio. Non obstante, os acordos que adopte a Comisión Xeral nesta materia quedan sometidos ó réxime de suspensión e revisión polas comisións de seguimento das unidades territoriais previstos nesta cláusula para o resto dos seus acordos, coa particularidade de que as comisións de seguimento das unidades territoriais unicamente poderán rexeitar e deixar sen efecto o acordo da Comisión Xeral, pero non modificalo nin substituílo por outro diferente.

Sen prexuízo do anterior, a supresión da unidade territorial de San Cibrao das Viñas esixirá a modificación da cláusula sexta do Convenio no relativo á distribución de custos, debendo manterse a subsistencia da dita unidade territorial en tanto o servizo de recollida nos solos de uso empresarial e industrial deste municipio constitúa unha unidade económica diferenciada.

Será competencia exclusiva da comisión de cada unidade territorial a elección e destitución dos seus representantes na Comisión Xeral.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

5. As comisións de seguimento adoptarán os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.

6. No non previsto no presente convenio, o funcionamento das comisións de seguimento rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no Título II da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**OITAVA.- Réxime xurídico.-**

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso administrativa.

**NOVENA.- Causas de resolución do convenio.-**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por baixa voluntaria de calquera dos concellos adheridos, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución de baixa se entenderá referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.
- c) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolve-lo convenio porá previamente en coñecemento da presidencia da Comisión Xeral a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda.
- d) Polo transcurso do seu prazo máximo de vixencia.

2. Unha vez resolto ou extinguido o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, previa audiencia do concello afectado, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

**DÉCIMA.- Duración do convenio.**

O presente convenio terá vixencia a partir do 1 de xaneiro de 2013, expirando o 31 de decembro de 2042.

Non obstante o anterior, ó seu remate, o convenio poderá ser obxecto de prórroga, por acordo expreso das partes, polos períodos que se establezan.

**UNDÉCIMA.- Procedemento de adhesión ó convenio.**

Os concellos da provincia de Ourense poderán adherirse ó presente convenio marco mediante acordo do pleno respectivo no que se aprrobe a dita adhesión, coa aceptación expresa da totalidade das súas cláusulas.

A eficacia do acordo de adhesión rexerá polas seguintes regras:

a) No suposto de concellos que xa estivesen adheridos durante o exercicio 2012 a convenios de cooperación coa Deputación Provincial que tivesen por obxecto a xestión delegada do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, a adhesión terá plenos efectos a partir do 1 de xaneiro de 2013, sempre que os concellos comuniquen o acordo de adhesión antes do 31 de decembro de 2012.

Non obstante o anterior, a Presidencia da Deputación denegará a adhesión ós concellos que, no momento en que se solicite esta, teñan pendente de pagamento as liquidacións pola prestación do servizo delegado de recollida de residuos sólidos urbanos dos exercicios 2009, 2010 ou 2011. Nestes supostos, e sempre que o concello o solicite así, a Presidencia poderá autorizar o mantemento transitorio da prestación do servizo delegado por un prazo máximo de tres meses, prorrogando para o concello afectado o convenio anteriormente vixente, o que se comunicará oportunamente ó concello. Na mesma resolución da Presidencia acordarase o procedente respecto da liquidación definitiva do convenio anterior e reversión de medios humanos e materiais ó concello afectado.

O establecido no parágrafo anterior non será de aplicación no suposto en que o concello afectado subscriba coa Deputación Provincial un convenio específico para a liquidación da débeda correspondente, durante a vixencia do dito convenio. O incumprimento do establecido no convenio de liquidación de débedas dará lugar á resolución por incumprimento do presente convenio.

b) No suposto de concellos que deleguen por vez primeira na Deputación o exercicio das competencias de ordenación e xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

comuniquen a súa adhesión antes do 20 de decembro de 2012, a adhesión terá plenos efectos a partir do 1 de xaneiro de 2013, integrándose provisionalmente os concellos na unidade territorial que determine a Deputación Provincial, ata tanto a Comisión Xeral non estableza unha modificación das unidades territoriais no convenio marco.

Non obstante o anterior, e no suposto en que non fose posible a realización dos trámites precisos para o traspaso á Deputación dos medios humanos e materiais correspondentes ou non se puidese organizar axeitadamente o servizo delegado para a súa efectiva prestación a partir do 1 de xaneiro de 2013, a Presidencia poderá adiar-la data de eficacia da adhesión, na medida en que sexa necesario.

c) No suposto de concellos que deleguen por vez primeira na Deputación o exercicio das competencias de ordenación e xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, e comuniquen a súa adhesión con posterioridade ó 20 de decembro de 2012, a eficacia da adhesión requirirá o previo informe favorable da Comisión Xeral ou, en caso de que esta aínda non estivese constituída, da comisión de seguimento da unidade territorial na que ó concello lle corresponda integrarse conforme ó establecido na cláusula 12ª. Nestes casos, a Comisión Xeral de Seguimento poderá establecer unha cota extraordinaria de adhesión para os novos concellos adheridos, en concepto de compensación pola amortización técnica dos medios materiais do servizo adquiridos durante a vixencia do convenio e con anterioridade á adhesión dos novos concellos.

**DÉCIMO SEGUNDA.- Unidades territoriais para a elección da Comisión Xeral de Seguimento.**

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 2013, e ata tanto non se constituía a Comisión Xeral de Seguimento e esta non acorde a súa modificación, para a execución do presente convenio marco consideraranse como unidades territoriais as correspondentes ás comarcas oficialmente delimitadas pola Xunta de Galicia. No caso de concellos pertencentes a comarcas onde non haxa máis concellos adheridos, integraranse na unidade territorial da comarca xeograficamente máis próxima.

Por excepción, o concello de San Cibrao das Viñas constituirá unha unidade territorial específica, ó dispoñer dunha unidade de xestión propia e diferenciada para o seu solo industrial.

En consecuencia, as unidades territoriais serán as seguintes:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

- **Unidade Territorial da Limia**, integrada polos concellos de Baltar, Calvos de Randín, Os Blancos, Porqueira, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Xinzo de Limia e Rairiz de Veiga.
- **Unidade Territorial da Baixa Limia**, integrada polos concellos de Entrimo, Bande, Lobeira, Lobios e Muíños.
- **Unidade Territorial Terra de Caldelas**, integrada polos concellos de Montederramo, A Teixeira e Castro Caldelas.
- **Unidade Territorial Terra de Trives**, integrada polos concellos da Pobra de Trives, Manzaneda, San Xoán de Río e Chandrexa de Queixa.
- **Unidade Territorial de Valdeorras**, integrada polos concellos de Larouco, Petín, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Rubiá, A Veiga e Viana do Bolo.
- **Unidade Territorial de Ourense**, integrada polos concellos do Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Amoeiro, Coles, Vilamarín e Toén.
- **Unidade Territorial do Ribeiro-Padrenda**, integrada polos concellos de Ribadavia, Castrelo de Miño, Avión e Padrenda.
- **Unidade Territorial do Carballiño**, integrada polos concellos de Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea.
- **Unidade Territorial de San Cibrao das Viñas**, integrada polo Concello de San Cibrao das Viñas.

2. No suposto de concellos que deleguen por vez primeira na Deputación o exercicio das competencias de ordenación e xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, e comuniquen a súa adhesión antes do 20 de decembro de 2012, a Deputación Provincial establecerá a unidade territorial, das sinaladas no apartado anterior, na que lle corresponderá integrarse, dispoñendo a súa integración na unidade correspondente á comarca da que forme parte ou, no seu defecto, na unidade comarcal máis próxima xeograficamente.

3. As comisións de seguimento das unidades territoriais reuniranse no primeiro trimestre de 2013 co obxecto de elixi-los seus representantes na Comisión Xeral.

4. A Comisión Xeral poderá, en calquera momento, modifica- las unidades territoriais provisionais establecidas na presente cláusula.

2º.- Publicar este acordo no BOP para xeral coñecemento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012
---

**9º.- CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, OS CONCELLOS DE XINZO DE LIMIA, O CARBALLIÑO, MELÓN, AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE MUIÑOS, BANDE, LOBEIRA, ENTRIMO E LOBIOS E AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DA RÚA, PETÍN, LAROUCO E VILAMARTÍN DE VALDEORRAS, E OS CONCELLOS QUE SE ADHIRAN, PARA A ORDENACIÓN E XESTIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS DEPENDENTES DOS CENTROS DE RECOLLIDA DE XINZO DE LIMIA, O CARBALLIÑO E OS FUTUROS CENTROS SITUADOS EN MELÓN, MUIÑOS E A RÚA.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

O Sr. secretario dá conta dunha emenda da Presidencia distribuída no día de onte, que introduce algunha precisión tanto na cláusula primeira como na cláusula undécima, no sentido de precisar que este convenio está aberto á adhesión dos concellos da provincia, entendendo por tales ós de menos de 20.000 habitantes, polo tanto este convenio non quedaría aberto para o Concello de Ourense.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que este convenio nace por unha proposta que fixo o seu grupo no seu momento. Este é un tema moi importante e fálase das canceiras de Xinzo e do Carballiño, pero na súa comarca ou está rematada ou a punto de rematar e pensa que é urxente e necesaria. Entende que quede excluído o Concello de Ourense deste convenio, pero pregunta cal é a idea que se ten para a Comarca de Ourense, independentemente de que a cidade quede fóra do seu ámbito, porque son concellos que teñen os mesmos problemas que os demais.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que o plan de canceiras para a provincia está recollido no Plan Ourense 92 cun horizonte de xullo de 2014 e adiantouse un ano e medio. Este plan non é pechado senón que é un plan aberto e o seu desenvolvemento nos irá dicindo se é necesaria ou non a súa ampliación. A Presidencia está aberta a calquera tipo de proposta ou suxestión, viable desde o punto de vista técnico e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

económico, que se presente. Este en un plan provincial, non de localismos, e é para tódolos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes.

Intervén o **Sr. presidente** para reiterar que este plan de canceiras estaba recollido no Plan Ourense 92 cun horizonte de xullo de 2014 e que se anticiparon coas que se mencionan hoxe, pero isto non exclúe para que no futuro se poida incorporar algún outro centro destas características.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, coa emenda á que se referiu o Sr. secretario, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense, os concellos de Xinzo de Limia, O Carballiño, Melón, agrupación de concellos de Muíños, Bande, Lobeira, Entrimo e Lobios e agrupación de concellos da Rúa Petín, Larouco e Vilamartín de Valdeorras e os concellos que se adhiran, para a ordenación e xestión, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de animais abandonados dependentes dos centros de recollida de Xinzo de Limia, O Carballiño e os futuros centros situados en Melón, Muíños e A Rúa, con suxeición ás seguintes cláusulas:

**PRIMEIRA.- Obxecto**

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a ordenación e xestión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de animais abandonados dependentes dos centros de recollida actualmente situados en Xinzo de Limia e O Carballiño e nos futuros centros de recollida situados en Melón, Muíños e A Rúa.

Na súa virtude, a Deputación Provincial asumirá o exercicio da totalidade das competencias municipais de ordenación e xestión do servizo de recollida de animais abandonados no municipio de Xinzo de Limia, o Carballiño, Melón, nos municipios que integran a agrupación dos concellos de Muíños, Bande, Lobeira, Entrimo e Lobios e da agrupación dos concellos da Rúa, Petín, Larouco e Vilamartín de Valdeorras, así como nos municipios dos concellos de menos de 20.000 habitantes que se adhiran ó convenio marco,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

implicando a dita adhesión a delegación do exercicio das ditas competencias nos termos detallados na cláusula 2ª.

Complementariamente, o presente convenio marco regula tamén o réxime da delegación do exercicio das competencias municipais de xestión tributaria e recadación de impostos dos municipios afectados, como mecanismo de garantía do cumprimento das obrigas económicas municipais relativas á xestión delegada do servizo. Non obstante, a delegación do exercicio de competencias de xestión tributaria e recadación de impostos non será aplicable a aqueles concellos que exclúan expresamente a dita delegación no acordo de adhesión ó convenio, garantíndose o cumprimento das súas obrigacións económicas conforme coas fórmulas alternativas previstas na cláusula 6ª.

**SEGUNDA.- Delegación de competencias relativas ó servizo de recollida de animais abandonados. Ámbito funcional, material, territorial e temporal.**

1. En virtude da adhesión ó presente convenio, os concellos delegan na Deputación Provincial o exercicio da totalidade das competencias municipais de ordenación e xestión do servizo de recollida de animais abandonados dependentes dos centros de recollida situados en Xinzo de Limia e no Carballiño, e nos futuros centros de Melón, Muíños e A Rúa.

2. En todo caso, a delegación das competencias de ordenación e xestión do servizo de recollida de animais abandonados comprenderá o exercicio das seguintes funcións:

- a) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación da correspondente ordenanza reguladora.
- b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas ou prezos públicos pola súa prestación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das facendas locais.
- c) A xestión tributaria, inspección e recadación das taxas do servizo.
- d) A xestión e recadación dos prezos públicos do servizo.
- e) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- f) A planificación do servizo, establecendo, para tal efecto, a programación das actuacións que comprenderá e as condicións da súa prestación que non requiran a aprobación

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

dunha ordenanza, así como a planificación e programación dos investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora.

- g) A asunción, fronte terceiros, dos dereitos e obrigas que lle corresponderían ó concello adherido en tanto que titular do servizo nas relacións xurídicas derivadas da prestación do servizo que xurdan a partir do 1 de xaneiro de 2013.
- h) A dirección do persoal adscrito ó servizo, fronte ó que asumirá a condición xurídica de empregador, nos termos da lexislación laboral vixente, nos supostos en que o servizo delegado se xestione de modo directo pola propia Deputación Provincial.
- i) A organización das accións de recollida de animais, a realización de campañas de información entre a poboación, a xestión das adopcións e resolución sobre o destino que haxa de dárselles ós animais recollidos cuxo posuidor sexa descoñecido, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garanti-la prestación normal, regular e continuada do servizo.
- j) A contratación da xestión indirecta do servizo, se é o caso.
- k) A contratación de prestacións accesorias ó servizo, así como a contratación de obras, subministracións, asistencia técnicas ou servizos necesarios para a súa ordenación e xestión.
- l) A selección e contratación de persoal necesario para a xestión do servizo, no suposto de que este sexa xestionado de modo directo pola propia Deputación Provincial.
- m) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas, e o exercicio de cantas accións administrativas ou xudiciais procedan en relación co servizo delegado.

3. Para os efectos deste convenio, enténdese que o servizo de recollida de animais abandonados comprende cantas accións e prestacións sexan precisas para o efectivo e axeitado exercicio, conforme coa normativa vixente, da competencia atribuída ós concellos polo artigo 11 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, levándose a cabo conforme cos normas regulamentarias de desenvolvemento da dita lei. Ademais, o servizo poderá comprender tamén o aloxamento e coidado temporal de animais domésticos ou salvaxes en cativeiro a pedimento dos seus propietarios ou posuidores, se así se establece na ordenanza reguladora.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

4. As competencias delegadas exerceranse no territorio dos concellos que se adhiran ó presente convenio. Na súa virtude, unicamente se recollerán aqueles animais abandonados que se atopen nos termos municipais incluídos no ámbito do convenio.

5. A delegación de competencias terá plenos efectos con data 1 de xaneiro de 2013 e ata a extinción do convenio para cada concello adherido.

**TERCEIRA.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de recollida de animais abandonados.**

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ó servizo de recollida de animais abandonados non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser municipal, delegándose unicamente o seu exercicio. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha axeitada participación dos concellos adheridos na toma das decisións fundamentais relativas ó servizo, así como un adecuado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial, sen prexuízo de procura-la maior axilidade e eficacia no desenvolvemento da xestión delegada.

2. O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá informe previo favorable da Comisión de Seguimento prevista na cláusula 7ª nos seguintes supostos:

- a) Aprobación da ordenanza reguladora do servizo, ou das súas modificacións.
- b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas e prezos públicos pola prestación do servizo.
- c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- d) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo, cando a súa contía exceda do 20 % do custo económico anual do servizo reflectido na última liquidación aprobada, ou cando sen acadar esta porcentaxe o seu financiamento deba realizarse mediante un incremento das tarifas do servizo.
- e) Os acordos de modificación das condicións xerais de prestación do servizo que non impliquen modificación da ordenanza reguladora do servizo nin da ordenanza fiscal.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

f) O establecemento das condicións para a adxudicación de contratos por importe de máis de 120.000,00 €, ou a subscrición de convenios de colaboración relacionados coa prestación do servizo.

g) A formalización de convenios con outras administracións públicas.

h) A contratación de persoal destinado en exclusiva ó servizo delegado, nos supostos de xestión directa pola propia Deputación.

i) A subscrición dos acordos a que se refire a cláusula 5ª.3, parágrafo primeiro, cos traballadores transferidos dende os concellos.

3. Requirirá informe previo da comisión a aprobación das liquidacións provisionais e da liquidación anual do servizo regulada na cláusula quinta do presente convenio.

4. O exercicio das competencias delegadas no resto de supostos poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da dación de conta dos ditos actos á Comisión de Seguimento, cunha periodicidade mínima semestral.

5. A Comisión de Seguimento poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.

6. Os concellos adheridos poderán obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de dez días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á Comisión de Seguimento sobre a marcha do servizo.

**CUARTA.- Delegación de competencias para a xestión tributaria e recadación da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos e puntos limpos, IBI, IAE e IVTM (así como das taxas de abastecemento domiciliario de auga e saneamento e depuración de augas residuais, se é o caso) nos concellos adheridos.**

1. Os concellos adheridos delegan na Deputación Provincial de Ourense, agás que manifesten o contrario no acordo de adhesión, as facultades de xestión tributaria e recadación dos seguintes tributos municipais:

a) Taxas do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, incluída, de se-lo caso, a taxa polo uso do servizo do punto limpo.

b) Imposto de bens inmobles (IBI)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

- c) Imposto de actividades económicas (IAE)
- d) Imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM)
- e) Taxas polos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiros e depuración de augas residuais.

Os concellos poderán excluír da delegación todos ou algún dos tributos sinalados. No suposto en que non se delegue a xestión tributaria e recadación de ningún tributo, ou que o padrón tributario dos tributos delegados sexa insuficiente para garanti-lo cumprimento das obrigas económicas derivadas do presente convenio, os concellos adheridos deberán constituír garantía en calquera das formas previstas na cláusula 6ª, ata cubri-lo total do importe anual estimado das obrigas económicas derivadas deste convenio que se prevexan.

No suposto de concellos que xa tivesen delegadas na Deputación as competencias de xestión tributaria e recadación do IBI e/ou IVTM en virtude doutros acordos ou convenios, entenderase que a dita delegación se mantén nos termos establecidos na presente cláusula.

2. O contido da delegación, se é o caso, e para cada tributo, é o seguinte:

2.1. Imposto sobre bens inmobles (IBI):

A Deputación exercerá as facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles (IBI) previstas no artigo 77 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que abranguerán:

- Concesión e denegación das exencións e bonificacións que procedan.
- Realización de liquidacións para determina-las débedas tributarias.
- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios, así como liquidacións por ingresos directos.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo e individuais nas liquidacións por ingreso directo.
- Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidacións de xuros por demora.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

Co fin de dotar da necesaria efectividade á xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles, delégase igualmente na Deputación Provincial a facultade para, conforme co previsto no artigo 77 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establecer acordos ou convenios de colaboración co Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria conducentes á formación do padrón do imposto deste termo municipal e ó ditado dos actos administrativos que motiven a modificación deste conforme se determina no artigo 77 da citada lei, agás que o concello, no acordo de adhesión ó convenio, expresamente exclúa esta delegación.

#### 2.2. Imposto sobre actividades económicas (IAE):

A Deputación Provincial exercerá as facultades de xestión tributaria do imposto sobre actividades económicas (IAE) previstas no artigo 91 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que abarcarán:

- Concesión e denegación de exencións que procedan.
- Realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias.
- Emisión de instrumentos de cobro de recibos e liquidacións por ingreso directo.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para a información e asistencia ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

#### 2.3. Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM):

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

##### a) Obrigas do Concello:

- Remisión do Padrón (por única vez) para os efectos de proceder á súa informatización pola Deputación, remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 4 anos, para os efectos de poder iniciá-la executiva. Esta obriga refírese unicamente ós concellos que non tivesen delegada a competencia con anterioridade á entrada en vigor do presente convenio.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

-Remitirle á Deputación as altas, transferencias, baixas, cambios de domicilio, e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación do imposto, de que teñan coñecemento. (Datos da Xefatura de Tráfico).

-Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación no imposto, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elabora-lo correspondente informe e expedi-lo documento acreditativo desta.

-Remiti-las domiciliacións existentes.

-Remiti-la Ordenanza Fiscal aplicable .

b) Facultades de xestión da Deputación:

-Expedición do primeiro recibo no caso de alta de vehículos por matriculación.

-Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.

-Elaboración de listas, recibos e documentos cobratorios.

-Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo e individuais.

-Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.

-Liquidación de xuros por demora.

-Resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos.

-Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.

-Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.4. Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos (e rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, se é o caso):

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

-Remisión do Padrón (por única vez) para os efectos de proceder á súa informatización pola Deputación remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 4 anos, para os efectos de poder inicia-la recadación executiva. Esta obriga refírese unicamente ós concellos que non tivesen delegada a competencia con anterioridade á entrada en vigor do presente convenio.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

-Remitirle á Deputación, as altas, transferencias, baixas e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación da taxa, de que teñan coñecemento.

-Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación da taxa, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elabora-lo correspondente informe e expedir-lo documento acreditativo desta.

-Remiti-las domiciliacións existentes.

-Remiti-la Ordenanza Fiscal aplicable, no caso de que esta non fose aprobada pola propia Deputación.

b) Facultades de xestión da Deputación:

-Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.

-Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios.

-Práctica de notificacións colectivas en valores- recibo individuais.

-Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.

-Liquidación de xuros por demora.

-Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.

-Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.

-Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.5. Taxa de subministración de auga potable (de se-lo caso):

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

-Remisión do Padrón anualmente, semestralmente, trimestralmente ou bimensualmente, segundo o criterio fixado na ordenanza, pois a lectura de contadores farase polo Concello para os efectos de proceder á súa informatización pola Deputación, remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 4 anos, para os efectos de poder inicia-la executiva.

-Remitirle á Deputación, as altas, transferencias, baixas e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación da taxa, de que teñan coñecemento.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

- Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación da taxa, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elabora-lo correspondente informe e expedir-lo documento acreditativo desta.

- Remiti-las domiciliacións existentes.

- Remiti-la Ordenanza Fiscal aplicable.

b) Facultades de xestión da Deputación:

- Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.

- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios.

- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo individuais.

- Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.

- Liquidación de xuros por demora.

- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.

- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.

- Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.6. Contidos de aplicación para tódolos tributos:

As facultades delegadas de xestión tributaria e recadación en período voluntario e executivo, tanto de débedas por recibo como de liquidacións por ingreso directo e, se é o caso, de autoliquidacións, correspondentes ó imposto sobre bens inmobles, actividades económicas, vehículos de tracción mecánica, taxa de recollida de residuos sólidos urbanos e puntos limpos, e taxas de abastecemento de auga potable, sumidoiros e depuración (de se-lo caso) abarcarán cantas actuacións comprende a xestión tributaria e recadatoria de acordo coa lexislación aplicable e, en todo caso o seguinte:

- Practicar notificacións colectivas en débedas por recibo e individuais en liquidacións por ingreso directo.

- Fixar prazos de cobro en período voluntario en débedas por recibo.

- Establecer, de ser necesario, itinerarios de cobranza.

- Conferir e revogar ás entidades de depósito o carácter de entidades colaboradoras e establece-los límites da colaboración.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

- Expedir relacións certificadas de debedores por recibos e certificacións de descuberto por liquidacións de ingreso directo.
- Dita-la providencia de prema en recibos e certificacións de descuberto e resolve-los recursos contra o devandito acto administrativo.
- Liquidar xuros de demora para a súa aplicación en tódalas débedas en que aqueles sexan esixibles.
- Conceder ou denegar aprazamentos e fraccionamentos en voluntaria e executiva.
- Recibir e custodiar garantías de débedas ou dispensalas.
- Ordena-la constitución de hipotecas especiais.
- Ditar acordos de derivación de procedemento.
- Efectuar peritaxes e valoracións de bens embargados.
- Autorizar e presidir poxas.
- Acorda-la suspensión do procedemento.
- Iniciar tercerías de dominio e de mellor dereito.
- Propoñe-la adxudicación de predios ó concello, expedindo as certificacións necesarias para a súa inscrición nos rexistros públicos.

#### 2.7. Outras condicións da delegación:

- 1) A Deputación Provincial de Ourense exercerá as facultades obxecto da presente delegación na forma que acorde a expresada corporación.
- 2) Para o exercicio das facultades delegadas, o servizo aterase ó ordenamento local e á lexislación aplicable de acordo co establecido na Lei reguladora das facendas locais, así como na normativa que en materia de xestión e recadación tributarias poida dita-la Deputación Provincial en uso da súa potestade regulamentaria prevista no artigo 106.2 da Lei de bases de réxime local, e na ordenanza municipal de xestión de tributos, segundo modelo uniforme facilitado pola Deputación.
- 3) Polo exercicio das funcións delegadas no presente acordo, a Deputación Provincial percibirá as compensacións económicas previstas na actual Ordenanza Provincial Fiscal vixente na materia.

As cantidades a que dea lugar a devandita compensación económica serán retiradas das entregas e liquidacións correspondentes que se lle realicen ó concello .

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

- 4) A devolución dos ingresos indebidos que, de se-lo caso, se produza, ocasionará a dedución da cantidade correspondente das liquidacións que deban rendérselle ó concello, sendo por conta da Deputación Provincial a devolución da parte de recarga de prema percibida só nos casos en que a causa que dea orixe á devandita devolución sexa imputable á súa actuación no exercicio das facultades delegadas.

A compensación de débedas en período voluntario que, de conformidade coa lexislación aplicable, o concello puidera acordar, requirirá a intervención do servizo para a súa realización, debendo, en calquera caso, entenderse como débedas cobradas para os efectos do premio de cobranza e das recargas ou participacións que á Deputación Provincial lle poida corresponder nestas.

- 5) Os anticipos a conta da recadación rexeranse polo disposto na ordenanza fiscal antes mencionada. En todo caso, non se concederán anticipos sobre a recadación da taxa de recollida do lixo, dado que os gastos do servizo son asumidos integramente pola Deputación Provincial, ó estar delegada a xestión nesta última.
- 6) As cantidades que correspondan pola recadación obtida serán transferidas ó concello mensual ou trimestralmente, segundo o seu importe, acompañadas da documentación xustificativa, rendéndose anualmente, polo servizo a conta da súa xestión recadatoria. Das ditas cantidades deduciranse, se é caso, os gastos soportados pola Deputación Provincial pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos que non resultasen cubertos pola recadación da taxa de recollida de lixo, segundo a última liquidación dos custos do servizo aprobada.

**QUINTA.- Traspaso de medios persoais e materiais adscritos ó servizo.**

1. Os concellos que deleguen na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación e xestión do servizo de recollida de animais abandonados mediante a súa adhesión a este convenio marco transferiranlle á Deputación Provincial o seu persoal laboral que estivese adscrito de xeito exclusivo ó servizo municipal preexistente, en caso de existir este, en virtude de sucesión de empresa e nas condicións establecidas no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores.

Para estes efectos, considerarase como persoal laboral adscrito ó servizo municipal preexistente o que figura na certificación expedida para tal fin polo secretario do concello interesado.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

2. En caso de revogación da delegación ou extinción por calquera causa da vixencia do convenio, o persoal transferido á Deputación Provincial reverterá á súa administración de orixe, entendendo por tal ó concello de procedencia. Os concellos contraen expresamente, para estes efectos, a obriga de asumir ó dito persoal nos supostos sinalados, recoñecéndosele ademais ó dito persoal o dereito a conserva-las condicións e dereitos laborais adquiridos, se é o caso, en virtude de negociación coa Deputación Provincial conforme co establecido no apartado seguinte. Esta regra será de aplicación incluso no suposto no que a relación xurídica laboral do persoal transferido fora obxecto de subrogación por parte dunha entidade pública ou privada en virtude de xestión directa por entidade diferente á Deputación ou xestión indirecta do servizo.

A mesma regra seralles de aplicación ós concellos que non transferiron persoal, pero para cuxo servizo tivese que ser contratado este persoal.

En todo caso, nos supostos en que o cadro de persoal adscrito ó servizo no momento da extinción do convenio marco se modificase con respecto ó existente no momento da adhesión, tanto no relativo á identidade persoal como ó número de traballadores transferidos, o persoal que será obxecto de sucesión por parte dos concellos determinarase en proporción á achega económica ó servizo delegado que lle correspondese ó concello afectado e tendo en conta o criterio da maior proximidade xeográfica ó dito concello do centro de traballo do traballador ou traballadores.

Nos supostos en que se extinga o convenio e o servizo non reverta ós concellos, senón que sexa suprimido por calquera causa, o custo da extinción dos contratos laborais integrarase na liquidación do convenio, distribuíndose entre os concellos adheridos e a Deputación conforme cos regras establecidas na cláusula 6ª.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 44.4 do Estatuto dos Traballadores, e en tanto non se produza a extinción dos convenios colectivos de orixe aplicables ó persoal transferido, a Deputación Provincial poderá negociar e subscribir acordos cos traballadores transferidos ou os seus representantes, que teñan por obxecto os dereitos e obrigas integrantes da relación laboral. Será preceptivo, para a aprobación destes acordos, o informe previo da Comisión de Seguimento do convenio de cooperación.

Unha vez aprobados, estes acordos seralles de aplicación ós traballadores afectados, que conservarán as condicións adquiridas na súa virtude incluso en caso de reversión ó concello de orixe, ata a extinción da vixencia dos ditos acordos ou convenios.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

Sen prexuízo do anterior, tanto os convenios colectivos de orixe como, se é o caso, os acordos acadados baixo a súa vixencia coa Deputación Provincial, manteranse ata a súa data de expiración ou ata a entrada en vigor dun novo convenio colectivo que resulte de aplicación para estes traballadores.

5. Con efectos do 1 de xaneiro de 2013, quedarán adscritos ó servizo intermunicipal delegado xestionado pola Deputación Provincial tódolos medios materiais de titularidade municipal que ata ese momento estivesen destinados de forma exclusiva ó servizo de recollida de animais abandonados no termo municipal dos concellos adheridos. A Deputación subrogarase na titularidade dos ditos bens, e exercerá, por delegación, a totalidade das competencias que conforme coa lexislación vixente lle corresponda ó titular dos ditos medios materiais, que terán a consideración de bens de dominio e servizo público.

A Deputación Provincial poderá proceder ó cambio de adscrición dos ditos medios materiais e/ou á súa substitución por outros de nova adquisición ou procedentes doutros servizos provinciais, así como á súa baixa no inventario no momento no que a súa deterioración os volva inservibles para o servizo, sen que en ningún caso o cambio de adscrición poida supoñer unha diminución da calidade do servizo prestado en cada concello.

**SEXTA.- Réxime económico do servizo delegado.**

1. Para os efectos do establecido na presente cláusula, consideraranse custos do servizo tódolos custos directos ou indirectos, incluídos os de carácter financeiro, a amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e o desenvolvemento razoable e sostible do servizo.

Entre os custos de amortización do inmovilizado incluírase, en todo caso, a amortización dos bens propiedade da Deputación Provincial que queden adscritos ó servizo, ou daqueloutros que no futuro poidan adscribirse, así como os seus gastos de mantemento.

2. O servizo delegado financiarase con cargo ás taxas e prezos públicos do servizo. Os custos non cubertos por esta taxa serán financiados pola Deputación Provincial e os concellos adheridos, conforme coas seguintes regras:

a) Os concellos asumirán un custo anual de 1 euro por habitante. Para estes efectos, na liquidación terase en conta a poboación de dereito segundo a cifra oficial de poboación vixente no momento de efectuarse a liquidación. Este custo anual actualizarase automaticamente conforme ó IPC en cada anualidade, a partir do 1 de xaneiro de 2014.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

b) A Deputación Provincial asumirá o resto dos custos do servizo.

Para a realización da liquidación teranse en conta as seguintes regras:

a) Non se lles imputarán, en ningún caso, ós concellos, os custos do servizo consistentes en gastos de persoal provincial que non estea adscrito de xeito exclusivo a este servizo intermunicipal, nin os custos de funcionamento das unidades administrativas de carácter xeral da Deputación, sen prexuízo de que a parte proporcional destes custos que lle corresponde ó servizo poida ser tomada en consideración para a fixación das taxas ou prezos públicos do servizo.

b) Os concellos de Xinzo de Limia, O Carballiño, Melón, e a agrupación dos concellos de Muíños, Bande, Lobeira, Entrimo e Lobios e a agrupación dos concellos da Rúa, Petín, Larouco e Vilamartín de Valdeorras, terán dereito a unha compensación económica pola achega ó servizo do centro de recollida de animais abandonados. A dita compensación determinarase pola Comisión de Seguimento á vista da documentación achegada polos concellos interesados, e alcanzarán como máximo o importe do investimento realizado polos ditos concellos con cargo a fondos propios. Esta compensación deducirase das achegas anuais que lles correspondan a estes concellos, ata o seu total aboamento.

3. A Deputación Provincial aprobará as liquidacións provisionais e definitiva correspondentes, coa seguinte periodicidade:

- Cuadrimestralmente aprobarase unha liquidación provisional, no mes seguinte ó remate de cada cuadrimestre natural.

- Anualmente, aprobarase a liquidación definitiva, no mes de xaneiro do ano seguinte ó exercicio vencido.

Unha vez aprobada e notificada ós concellos, a liquidación provisional será executiva, procedendo a Deputación Provincial a facela efectiva con cargo á recadación obtida nos tributos delegados. No caso de que a recadación fose insuficiente para aboa-los ditos custos, a Deputación poderá compensalos con calquera dereito de crédito que o concello afectado teña contra a Deputación Provincial, trala tramitación previa do oportuno expediente de compensación de débedas.

No caso dos concellos que non delegasen a xestión tributaria e recadación dos impostos a que se refire a cláusula 4ª, deberán proceder a aboa-la liquidación no prazo dun mes dende a súa notificación. De non aboala no dito prazo, a Deputación poderá proceder á compensación

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

da débeda con calquera dereito de crédito que o concello afectado teña contra a Deputación, trala tramitación do oportuno expediente de compensación de débedas, ou ben poderá proceder á execución das garantías previstas no parágrafo seguinte.

4. Os concellos que non deleguen na Deputación Provincial a competencia de xestión tributaria e recadación dos seus impostos conforme co sinalado na cláusula 4ª, garantirán o cumprimento das obrigacións económicas derivadas do convenio mediante a constitución das seguintes garantías:

- Aval prestado por entidade de crédito, polo importe total das obrigacións económicas estimadas anualmente, executable directamente a requirimento da Deputación.

- Seguro de caución polo importe total das obrigacións económicas estimadas anualmente, executable directamente a requirimento da Deputación.

- Acordo de afectación da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma do concello, polo que se autorice á Deputación a requirir ó seu favor o ingreso das cantidades adebedadas, sendo título executivo suficiente a certificación de descuberto expedida pola Intervención provincial. O acordo deberá afectar á participación en tributos ata o importe das obrigas económicas estimadas anualmente, e para a súa validez deberá acompañarse de certificación expedida polo secretario ou secretario – interventor do concello no que se expresen as débedas líquidas, vencidas e esixibles do concello coa Administración Xeral do Estado e calquera dos seus entes dependentes, a Comunidade Autónoma e calquera dos seus entes dependentes e a Tesourería da Seguridade Social, e se acredite que a cantidade afectada da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma, segundo o caso, non se atopa xa afecta ó cumprimento doutras obrigas de calquera clase.

O importe das obrigacións previsibles para cada exercicio a efectos da constitución das garantías determinarase mediante un estudo económico que será elaborado polo Servizo de Augas e Medio Ambiente da Deputación Provincial e aprobado pola Presidencia.

As garantías deberán actualizarse en cada exercicio, conforme co estudo de obrigacións previsibles. No exercicio 2013, as garantías deberán constituírse antes do día 1 de marzo. Nos exercicios sucesivos, deberán actualizarse no prazo dun mes dende a comunicación da resolución da Presidencia aprobando o estudo económico.

A falla de constitución ou actualización das garantías dará lugar á resolución automática do convenio co concello incumpridor. A Deputación Provincial, tralo informe previo da

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

Comisión de Seguimento, acordará o cesamento do servizo e a reversión dos medios humanos e materiais que procedan, que en todo caso será notificado cunha antelación mínima dun mes respecto da data da súa efectividade. Posteriormente, aprobarase a liquidación definitiva do convenio para o concello afectado.

Non obstante o anterior, se o concello constituíse ou actualizase debidamente a garantía esixida durante a tramitación e antes da notificación da resolución de cesamento do servizo, esta quedará sen efecto, continuando a vixencia do convenio.

**SÉTIMA.- Comisión de seguimento.**

1. As funcións de seguimento, control, informe e interpretación do presente convenio lle corresponderán a unha Comisión de Seguimento de carácter paritario, integrada polo seguintes membros:

a.- En representación da Deputación Provincial:

- O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.
- O secretario xeral, o interventor, o tesoureiro, o director da Área de Medio Ambiente e o xefe do Servizo de Recadación, ou funcionarios que legalmente os substitúan, en tódolos casos con voz pero sen voto.

b.- En representación dos concellos:

b.1.- O alcalde, ou concelleiro no que delegue, do Concello de Xinzo de Limia.

b.2.- O alcalde, ou concelleiro no que delegue, do Concello do Carballiño.

b.3.- O alcalde, ou concelleiro no que delegue, do Concello de Melón.

b.4.- Un representante da agrupación de concellos de Muíños, Bande, Lobeira, Entrimo e Lobios.

b.5.- Un representante da agrupación de concellos da Rúa, Petín, Larouco e Vilamartín de Valdeorras.

Todos eles poderán participar coa asistencia do persoal técnico que consideren conveniente, contando este persoal con voz pero sen voto.

b.6.- Un representante de cada comarca, ou agrupación de concellos, que se adhiran posteriormente.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

Os representantes dos apartados b.4, b.5 e b.6 anteriores serán elixidos entre si, por maioría absoluta. O voto emitirase mediante resolución da alcaldía a requirimento da Deputación, no prazo que esta sinale.

A petición de máis da metade dos alcaldes dos concellos adheridos de cada comarca ou agrupación, poderase proceder á destitución do representante elixido e á elección dun novo representante.

En todo caso, os representantes comarcais na Comisión de Seguimento renovarase con ocasión de cada novo mandato electoral.

2. As funcións de secretaría das comisións de seguimento e da Comisión Xeral corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, sen prexuízo da súa condición de vogal.

3. A comisión de seguimento terá carácter paritario, correspondéndolle un voto a cada concello e, á Deputación Provincial, un número de votos equivalente á suma do número dos votos municipais. Para estes efectos, entenderase que os alcaldes que forman parte da Comisión en representación das súas comarcas ou agrupacións, disporán de tantos votos como concellos adheridos representen.

4. Son funcións da comisión as seguintes:

- a) Ser informada, polo menos anualmente, do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
- b) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
- c) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.
- d) Informa-los supostos de resolución do convenio.
- e) Emite-los informes previstos na cláusula terceira do convenio.
- f) Informa-las liquidacións periódicas e definitivas dos servizos prestados.
- g) Informa-las solicitudes de adhesión ó convenio que se formulen con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2013.

5. A comisión de seguimento adoptará os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

6. No non previsto no presente convenio, o funcionamento das comisións de seguimento rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no Título II da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**OITAVA.- Réxime xurídico.-**

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso - administrativa.

**NOVENA.- Causas de resolución do convenio.-**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por baixa voluntaria de calquera dos concellos adheridos, formulada cunha antelación mínima de seis meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución de baixa entenderase referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte. A baixa dos concellos non dará dereito á devolución das cantidades aboadas en concepto de compensación ós concellos de Xinzo de Limia e do Carballiño, pola achega das instalacións dos centros de recollida de animais abandonados, nin ós futuros centros de Melón, Muíños e A Rúa.
- c) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolve-lo convenio porá previamente en coñecemento da comisión de seguimento a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda.
- d) Polo transcurso do seu prazo máximo de vixencia.

2. Unha vez resolto ou extinguido o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, trala audiencia previa do concello ou concellos afectados, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente. Na liquidación incluíranse tamén as determinacións sobre o destino dos medios humanos e materiais afectos ó servizo.

**DÉCIMA.- Duración do convenio.**

O presente convenio terá vixencia a partir do 1 de xaneiro de 2013, expirando o 31 de decembro de 2022. Sen prexuízo disto, a prestación do servizo delegado nos centros de recollida de animais de Melón, Muíños e A Rúa, iniciárase no momento no que as ditas infraestruturas estean executadas e poidan ser postas en funcionamento.

Non obstante o anterior, ó seu remate, o convenio poderá ser obxecto de prórroga, por acordo expreso das partes, polos períodos que se establezan.

**UNDÉCIMA.- Procedemento de adhesión ó convenio.**

O presente convenio, subscrito entre a Deputación e os concellos de Xinzo de Limia, O Carballiño, Melón, agrupación de concellos de Muíños, Bande, Lobeira, Entrimo e Lobios, e a agrupación de concellos da Rúa, Petín, Larouco e Vilamartín de Valdeorras, ten carácter de convenio marco, aberto á adhesión do resto de concellos de menos de 20.000 habitantes interesados en incorporarse ó servizo intermunicipal delegado.

Os concellos interesados poderán adherirse ó presente convenio marco mediante acordo do pleno respectivo no que se aprobe a dita adhesión, coa aceptación expresa da totalidade das súas cláusulas.

A adhesión será eficaz no prazo dun mes dende a recepción da comunicación do acordo de adhesión no rexistro xeral de documentos da Deputación.

Os concellos adheridos terán a obriga de participar, na contía que proporcionalmente lles corresponda, na compensación económica correspondente ós concellos de Xinzo de Limia, O Carballiño, Melón, da agrupación dos concellos de Muíños, Bande, Lobeira, Entrimo e Lobios e da agrupación dos concellos da Rúa, Petín, Larouco e Vilamartín de Valdeorras, pola achega do centro de recollida de animais abandonados, referida non só ás anualidades nas que se lles preste servizo, senón tamén ás anualidades de vixencia do convenio anteriores á súa adhesión, cuxos importes serán recalculados, se é o caso, co fin de garanti-la súa equitativa distribución entre o conxunto de concellos adheridos.

2º.- Publicar este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

**10º.- PRÓRROGA DOS DISTINTOS CONVENIOS DE COOPERACIÓN SUBSCRITOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DOS SERVIZOS DE LIMPEZA VIARIA EN DIFERENTES MUNICIPIOS DA PROVINCIA.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Agricultura e Medio Ambiente.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Prorrogar, ata o 31 de decembro de 2013, os actuais convenios de cooperación para a xestión delegada por parte da Deputación dos servizos de limpeza viaria, nos municipios de Viana do Bolo (convenio publicado no BOP n.º 11 do 15 de xaneiro de 2010), e Carballeda de Valdeorras (convenio publicado no BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2010).

2º.- Unha vez recibidos os acordos de aprobación da prórroga dos concellos afectados, o presente acordo será obxecto de publicación no BOP, para xeral coñecemento.

**11º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DOS POSTOS DE TRABALLO DOS PARADORES GALEGOS E CONTRA DO PECHE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Iglesias Pérez para que defenda o contido da moción.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG,** dá lectura á moción, co seguinte contido: *”O Goberno do Estado acaba de anunciar un plan para proceder á eliminación de centos de postos de traballo en Paradores de España, que afecta gravemente aos paradores existentes en Galiza, e que na nosa Provincia ten distinta incidencia sobre os de Verín e Nogueira de Ramuín. Por medio deste plan, duro e salvaxe, o Goberno do PP no Estado, co silencio cómplice e o beneplácito do goberno do PP na Xunta e dos alcaldes do PP nas Vilas e concellos afectados, queren proceder ao peche de varios paradores, entre eles o de Verín, ademais de realizar despedimentos nos de Baiona, Cambados, Santiago de Compostela e Pontevedra, e pechar 5 meses ao ano nos de Tui, Nogueira de Ramuín, Monforte de Lemos e Vilalba. Unha decisión que non explica que tipo de medidas ou xestións se tiveron adoptado para non chegar a este extremo e procurar a ocupación hostaleira co impulso dun plan de*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

*mellora e potenciación destes emblemáticos establecementos. Unha decisión que demostra a falta de xestión do PP, con capacidade demostrada para o recorte e o despido de centos de traballadores e traballadoras. O BNG no Congreso dos Deputados xa demandou do Goberno do Estado explicacións por estes peches e despedimentos, e para saber que medidas e plans se aprobaron nos dous últimos anos para atraer demanda e impulsar a ocupación dos paradores. Antes de proceder ao peche e á eliminación de postos de traballo débense estudar outras alternativas ou realizar un Plan de Empresa. Ademais, o BNG, quere coñecer as razóns ou criterios utilizados para esta nova agresión, xa que fronte ao caso de Ferrol que perdeu o ano pasado 50.000 euros, existen outros con perdas de até 300.000 euros, tal como declaran fontes sindicais dos traballadores e traballadoras, que non se ven afectados. Por todo isto, o grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: 1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a suspensión do Plan de axuste de Paradores de España mantendo abertos os paradores galegos durante todo o ano e impedindo o despedimento de traballadores e traballadoras. 2.- Demandar que se adopten medidas para procurar a ocupación hostaleira e un plan de mellora e potenciación dos paradores galegos. 3.- Reclamar que calquera plan que afecte aos paradores sexa negociado coas organizacións sindicais representativas no sector. 4.- Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno do Estado, Presidente da Xunta de Galiza e grupos do Parlamento galego”.*

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, pregunta que pasaría se o seu grupo tamén presentara unha moción ó respecto dos paradores, xa que hai unha dos paradores galegos e posteriormente hai outra dos paradores de Ourense. A el gustaríalle que tódolos paradores de España permanecesen abertos, aínda que por enriba de todo está a súa comunidade. O importante é que isto é un plan que se está a facer en conxunto e isto lévanos á reflexión. Isto é un parche do Partido Popular que está intentando privatiza-los paradores. Agora cada un está saíndo a rinchar ó seu favor. Os paradores son un servizo público, básico e esencial da marca España (que tanto defende o PP) polo que teñen que estar en mans das administracións. Pódese dá-la circunstancia de que un parador sexa viable e outro non, dependendo do aflujo de turistas, pero á vez que defendémo-los nosos temos que defender un proxecto global, porque senón o PP vai desmontar todo o que levan consigo os paradores para poder privatizalos. O máis importante hoxe son os traballadores e cre que os paradores da

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

provincia de Ourense son viables. Reitera que o carácter público destas instalacións debe primar por enriba de todo malia a conxuntura actual, porque hai paradores que nin sequera expoñen o seu peche porque teñen moitos clientes (incluso a Coroa). Anuncia que votarán a favor da moción do BNG e que presentarán unha emenda á posterior moción do Grupo Popular. Sabe e está de acordo en que nesta institución hai que defende-la provincia, pero algo podería dici-lo presidente da nosa Comunidade e ata o momento non abriu a boca.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que o Grupo Socialista xa ten presentado mocións despois de telas presentado outros partidos. O Sr. presidente ofreceulle ó portavoz do BNG debate-las dúas mocións conxuntamente pero desde o BNG estimouse que non era conveniente. O portavoz socialista baila na contradición, porque nalgúns supostos defende a xestión pública e noutros non (como co INORDE). Para el os paradores poden dar perdas pero os demais organismos non, dependendo de quen estea a fronte deles. Con respecto á moción do BNG queren facer unha proposta que é que se retiran o punto primeiro da moción (que se refire á suspensión do plan de axuste) estarían dispostos a votar a favor dos puntos 2, 3 e 4, porque consideran que non está acertada a proposta do primeiro punto.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, adianta que non teñen intención de retira-lo punto primeiro do acordo, porque expresa o que considera o BNG. Resulta de difícil xustificación, tendo en conta que unha empresa que conta con máis de 400 persoas en cadro, dedicadas á administración, que na elaboración do ERE, que suporá a perda de preto de cen empregos en Galicia, participaron ata seis empresas de consultoría privadas, o que supón un elevadísimo custo para unha empresa que argumenta esta decisión baseándose na súa mala situación económica. Os xestores e responsables políticos pretenden eludi-la súa propia responsabilidade e oculta-la súa nefasta xestión, culpando ós traballadores e traballadoras da actual situación económica, sendo incapaces de explicar, cun mínimo de rigor, as razóns ou criterios utilizados para esta nova agresión, xa que fronte ó caso de Ferrol que xustificou unhas perdas o ano pasado de 50.000 euros, existen outros con perdas de ata 300.000 euros, tal como declaran fontes sindicais. Non se pode estar falando de turismo e de que a través del se cre riqueza e dinamismo económico se se pechan os paradores na nosa provincia, dous elementos emblemáticos, que son unha referencia no turismo nacional, estatal e mesmo internacional, e cuxo peche significaría un duro golpe para a economía local. Tampouco se pode falar de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

medidas paliativas para evita-la desertización do rural, cando se implementan medidas como esta, que suporían a desaparición do interior galego do mapa turístico. Se non dan marcha atrás na súa decisión, coa proposta de paradores, na nosa provincia veríanse afectados preto de 60 postos de traballo, 60 persoas que levan toda unha vida traballando para sacar adiante esa empresa. Esta medida suporía unha estocada máis a precaria situación laboral da provincia, que castigará ó persoal coa perda dunhas condicións de traballo conquistadas con anos de loita e a rebaixa duns salarios que xa de por si son baixos. A forte presión social producida desde que se coñeceu a decisión nos distintos ámbitos, determinou que a dirección de Paradores rebaixara as súas pretensións iniciais e que se descolgara nos últimos días cunha proposta de redución do número de despedimentos inicialmente previstos no ERE, e cambiando de criterio con respecto á proposta inicial de peche, iso si, sen clarexar qué pasaría co de Verín, entre outros, que pasarían a engrosa-la listaxe de peches parciais por tempadas, o cal non só non tranquiliza ós traballadores e traballadoras senón que aínda introduce máis incerteza ó respecto. Temen que o que subxace tras todo isto é un posible intento de dar entrada ó capital privado, porque as medidas que se propoñen, ademais de carentes de toda lóxica, son inxustas e desproporcionadas, formulando reducións de persoal en establecementos rendibles, e deixando á marxe, tanto dos despedimentos como dos peches temporais, a outros que dan perdas.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, reitera que hai que ver isto como algo global, porque Paradores é unha institución que funciona para un todo, ganancias e perdas. Referiuse a que ten que ser de carácter público porque, por exemplo, Santo Estevo é un antigo mosteiro beneditino que hai que manter, e se esta instalación non é xestionada con carácter público non se podería. Pregúntase que paradores interesaría privatizar, porque deste xeito os que non dan cartos se deixarían caer. En provincias como Ourense un dos atractivos turísticos son os paradores, aínda que non sexan rendibles. Non se pode comparar ós paradores co INORDE e non se pode nomear directora dos paradores á muller de quen funde á banca. En canto ó que dixo de presentar outra moción no mesmo sentido, o seu grupo sempre aceptou debater conxuntamente as mocións que tratan do mesmo e quen rompeu esa dinámica non foi o seu grupo. A cuestión é se o Partido Popular está de acordo con isto e se está de acordo en que se faga na nosa provincia.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que a xestión pública non ten que se-la xestión de perdas por sistema, aínda que está claro que a xestión

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

pública non ten porque ser rendible. Está de acordo en trata-la rede de paradores no seu conxunto, e quere que quede claro que a postura do PP é que está a favor de que se manteñan abertos os paradores todo o ano e piden que os plans de axuste que se fagan se orienten de tal xeito que non haxa que facer despedimentos.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o texto íntegro da moción presentada polo BNG, que obtén o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), polo que a moción queda rexeitada.

**12º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN DEFENSA DOS PARADORES DE TURISMO DE VERÍN E DE SANTO ESTEVO E DO MANTEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DURANTE TODO O ANO.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ó Sr. Álvarez Dobaño para que defenda o contido da moción.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dá lectura á moción, co seguinte contido: *Tralas informacións coñecidas en días pasados sobre o posible peche dos paradores de turismo de Verín e Santo Estevo, sitos na provincia de Ourense, a preocupación, tanto no que atinxe ó eido laboral como económico e turístico, é crecente, dado que estamos a falar de dúas infraestruturas turísticas singulares que manteñen a súa actividade ó longo de todo o ano, e que contribúen a fornece-la oferta turística dunha das provincias de España con maior riqueza patrimonial, histórica e etnográfica. A grave crise económica que tódolos sectores da economía están a padecer leva a empresas, administracións e a toda a sociedade en xeral, a adoptar medidas de axuste, redimensionamento e aforro do gasto, para procurar unha mellor eficacia e eficiencia na xestión. Tendo en conta esta máxima, é preciso salientar que o sector turístico é, para unha provincia como Ourense, un motor que dinamiza a nosa economía, porque permite explota-las potencialidades e singularidades que temos. De aí, que calquera medida que poida prexudica-lo avance e promoción da actividade turística, fai que Ourense se resinta nun dos seus destacados eidos de competitividade, como é o do turismo. O Grupo Popular na Deputación de Ourense quere amosa-la súa fonda preocupación polo posible peche dos paradores de Verín e Santo Estevo, e polas consecuencias que esta medida pode traer, tanto no ámbito laboral como económico. Polo cal se propoñen ó Pleno da Deputación a adopción dos seguintes acordos: 1º.- Instar á sociedade “Paradores de Turismo”*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

*e ás administracións competentes a que fagan tódolos esforzos posibles para acadar acordos que permitan o mantemento da actividade dos paradores de Verín e Santo Estevo, para que a provincia de Ourense poida seguir contando con estas infraestruturas turísticas que supoñen un polo de atracción de visitantes ó longo de todo o ano. 2º.- Instar a Paradores de Turismo a que poñan en marcha os cambios necesarios para mellora-la rendibilidade dos paradores de Verín e Santo Estevo, co fin de garanti-la continuidade da súa actividade económica e turística ó longo de todo o ano.”*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, di que o portavoz do Grupo Popular lles pedía que quitaran o punto número un da súa moción e eles poderían pedirlle que quitara os dous puntos da súa, porque non din nada. Hai que tomar decisións políticas e o Grupo Popular di que é comprensivo coa situación pero non se compromete en nada. Adianta que van votar en contra desta moción, porque non soluciona o problema e é unha simple declaración de intencións que non vai ó fondo da cuestión, posto que a quen hai que instar é a quen pode tomar as decisións políticas correspondentes para que non se pechen.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que coincide co que apuntou o Sr. Iglesias Pérez e hai que tomar decisións políticas máis alá da comprensión, aínda que non gusten. Pensa que os puntos que se recollen na emenda de substitución que presentaron se poden aceptar perfectamente, e son os seguintes: 1º.- *Instar á sociedade Paradores de Turismo, ó Ministerio de Economía, Enerxía e Turismo e ó presidente do Goberno de España para que se comprometan a mante-la actividade dos paradores de Verín e Santo Estevo durante todo o ano, e que non se produza o despedimento de ningún dos seus traballadores. 2º.- Instar á sociedade Paradores de Turismo, ó Ministerio de Economía, Enerxía e Turismo e ó presidente do Goberno de España para que poñan en marcha tódolos cambios precisos para mellora-la rendibilidade dos paradores de Santo Estevo e Verín, co fin de garanti-la súa actividade turística, investindo tanto na súa remodelación de ser necesario, como na súa promoción. 3º.- Esixirlle ó presidente da Xunta de Galicia que exerza toda a presión necesaria para que non se peche ningún dos paradores da provincia de Ourense, nin na súa totalidade nin en parte do ano.* Pensa que se o grupo de goberno ten intención política, instar para que isto se leve a cabo ou se intente non implica nada. Logo, desde o goberno central, farase ou non pero como institución provincial teñen que defende-los nosos paradores. Instar á sociedade

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

Paradores de Turismo para que melloren a súa rendibilidade xa o apuntou o grupo de goberno. En canto o terceiro punto da emenda di que o Sr. presidente da Xunta non abriu a boca sobre este tema, algo que si fixeron presidentes doutras comunidades. Ten información da mesa de negociación e estase a falar do despedimento de 948 traballadores e do peche total dos paradores de Albacete, Ayamonte, Ferrol, Manzanares, Puerto Lumbreras, Teruel e Verín e peches temporais que afectan á provincia de Ourense. Pensa que hai que ter vontade política e se o grupo de goberno ten a intención de defende-los paradores deberían acepta-la emenda á moción que presentou o seu grupo, porque o que se pide na moción do Grupo Popular e nada é o mesmo.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que o compromiso político do Grupo Popular quedou claro, dici-lo contrario é opinión da oposición, o que pasa é que o Grupo Popular non utiliza a mesma linguaxe. En canto a emenda do Grupo Socialista di que algún dos puntos son transcripción dos da súa moción. Pregunta se fan falta plans de axuste ou se os españois teñen que seguir pagando as perdas de paradores. Reitera que o PP está a favor de que non se pechen durante todo o ano os paradores e que os plans de axuste se orienten de xeito que non haxa que facer despedimentos, pero non nega que fan falta plans de axuste. O oportunismo político trae consecuencias, e xa se ten demostrado. En canto á crítica do Sr. Gómez Pérez á directora dos Paradores, manifesta que non se pode prexulgar o que vai facer ou deixar de facer. Nos medios de comunicación circula a noticia de que os xestores designados polo PP no seu momento deixaron uns 20 millóns de euros de superávit e os que se foron hai un ano máis ou menos deixaron 35 millóns de euros, pero de perdas, doce tarxetas de crédito abertas, oito vehículos de alta gama, dúas casas e ata un veleiro.

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, manifesta que o portavoz do Grupo Popular lle seguen a gusta-los coches e os barcos. En canto ós plans de axuste di que, efectivamente, cando unha sociedade dá perdas terá que acomete-las accións necesarias para que iso non suceda, pero o PP fai uns plans de axuste que sempre van na mesma dirección con cargas para a cidadanía porque todos imos custea-los despedimentos e o plan de axuste. Cre que algún día se darán conta de que os seus plans de axuste están errados, sobre todo cando esa posible saída de crise que auguran chegue máis tarde que pronto. A moción do PP parece unha carta ós Reis Magos porque se lle piden cousas a un ente abstracto e non se toma unha decisión política, dirixíndose a quen goberna que é quen toma as decisións.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que el non viu esa información nos medios, pero de todos modos pregunta se alguén levou o veleiro ou os coches para casa. Coches tamén os hai nesta Deputación (Audis) e tamén se usan. En todo caso, cando se refire a mante-lo patrimonio pensa que non se pode medir en rendibilidade económica, pero noutro tipo de cuestións, como o INORDE, si hai que medila. Os paradores son outra cousa, que se crearon entre todos ó longo de catro xeracións. Non o pode dicir con seguridade, pero ó mellor o Partido Socialista investiu máis diñeiro para que os paradores fosen rendibles para todos e poder gozar dunhas instalacións dignas, e o PP déixaos caer para que os poidan coller empresas privadas. Pregunta se van acepta-la súa emenda, xa que é practicamente igual, segundo o portavoz do Grupo Popular. Reitera que no ERE que se está negociando está recollido o peche total do parador de Verín. Alude ó Sr. presidente, como alcalde dos alcaldes, para que faga algo pola provincia. Non quere entrar a falar de iates e veleiros, porque el non os usa, senón que usa unha lancha inchable que é o que ten.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que non van aproba-la emenda porque é aprobar algo que xa propoñen eles na moción. Pídelle á oposición que non se enfade porque os que teñen problemas cos coches e cos barcos son eles e non o grupo de goberno, e así o deixaron claro os cidadáns galegos. En canto a que a moción vai dirixida a un ente abstracto di que Paradores de Turismo é unha sociedade pública que ten os seus xestores. Cónstalle que tanto o Sr. Feijoo como o Sr. presidente da Deputación están facendo tódolos esforzos posibles para que non se pechen os paradores, pero non presumen ante os medios de comunicación porque ás veces o traballo calado ten máis efectos. En canto a que os axustes sempre van relacionados co persoal, di que non lle gusta citar a persoas que non están presentes, pero non sabe se os axustes que se están facendo en Allariz son por capricho ou por necesidade.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que ten feito xestións tanto coa presidenta de Paradores como co presidente da Xunta de Galicia e o Grupo Popular propón na súa moción que se manteñan abertos durante todo o ano os dous paradores da provincia.

Intervén tamén o **Sr. Iglesias Pérez, do BNG**, para aclarar que se van abster na votación á emenda do Grupo Socialista porque queda curta con respecto á moción que presentou o BNG.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Socialista á moción do Grupo Popular, que obtén o voto favorable dos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

deputados do Grupo Socialista (8), o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do BNG (2), polo que queda rexeitada.

A continuación a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Popular, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á sociedade “Paradores de Turismo” e ás administracións competentes a que fagan tódolos esforzos posibles para acadar acordos que permitan o mantemento da actividade dos paradores de Verín e Santo Estevo, para que a provincia de Ourense poida seguir contando con estas infraestruturas turísticas que supoñen un polo de atracción de visitantes ó longo de todo o ano.

2º.- Instar a Paradores de Turismo a que poñan en marcha os cambios necesarios para mellora-la rendibilidade dos paradores de Verín e Santo Estevo, co fin de garanti-la continuidade da súa actividade económica e turística ó longo de todo o ano.

**13º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE SETEMBRO DE 2012 E DO 2º ADICIONAL DE XULLO DE 2012.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de setembro de 2012 e do 2º adicional de xullo de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

**14º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE SETEMBRO DE 2012 E DO 1º ADICIONAL DE AGOSTO DE 2012.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de setembro de 2012 e do 1º adicional de agosto de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

**15°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-**

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha moción sobre a vía rápida A Mezquita (Concello da Merca)-Fronteira portuguesa e cédelle a palabra ó Sr. Rodríguez Puga para que xustifique a urxencia.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, di que despois do que se manifestou ultimamente nos medios de comunicación con respecto a esta vía (que segundo o conselleiro vai rematar en Celanova) cren que é urxente o seu debate.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que o autor da moción xa xustificou a urxencia, polo que votan a favor.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que van votar a favor da urxencia, pero non porque a moción sexa urxente, porque é curioso que as declaracións do Sr. conselleiro se fixeran o día 12 pola mañá e se presente a moción o día 26, así que tiveron tempo de levala á comisión informativa correspondente. Van ser respectuosos co fondo do tema e non co oportunismo de presenta-la moción.

A continuación a Presidencia somete a votación a urxencia da moción, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos tratouse o seguinte asunto:

**15°A.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DA VÍA RÁPIDA A MEZQUITA-FRONTIIRA PORTUGUESA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Rodríguez Puga para que defenda o contido da moción.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, dá lectura á moción, co seguinte contido: *A Xunta de Galicia, por medio do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, anunciou hai semanas que a Xunta non completará a vía rápida entre Celanova e Portugal, infraestrutura que os alcaldes, empresari@s e comerciantes, así como os veciñ@s das Comarcas afectadas consideran vital para a zona. Na súa comparecencia confirmou a non execución -nin a curto nin a medio prazo- da segunda fase do eixo de comunicacións entre a A-52 e a fronteira portuguesa. Cómpre lembrar que a autovía Ourense-Celanova era unha das autovías que segundo o Plan Move, proxecto “estrela” en materia de infraestruturas, ía estar rematada antes de 2012. Si preocupante é o feito do anuncio, inaudito resulta o feito de que o Presidente da Xunta, nun alarde de cinismo sen precedentes, culpabilice aos alcaldes, a meirande parte do Partido Popular, de pór trabas e de*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

*oporse ao trazado da ampliación, cando o responsabel de Infraestruturas desvelou que a non continuidade do proxecto ata Portugal, obedece a causas que nada teñen que ver con iso como a baixa da densidade do tráfico e a situación económica. Este anuncio supón un “mazazo” máis para unha comarca, como a da Baixa Limia, e para o progreso e desenvolvemento dunha zona esquecida da man dos deuses, así como un paso máis na marxinação da nosa Provincia por parte do Executivo Galego. O Presidente Feijoo presume de ourensán pero na práctica é o primeiro en marxinar a esta provincia cada vez que se lle presenta unha oportunidade, e ademais faino de xeito covarde, ao agardar a facer o anuncio para despois das eleccións. Por todo o anterior, o grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo: O Pleno da Corporación demanda do Presidente da Xunta de Galiza o cumprimento dos prazos fixados para remate do proxecto da vía rápida Celanova-Fronteira Portuguesa, na súa integridade, por tratarse dunha infraestrutura necesaria para vertebrar e dinamizar as comarcas de Celanova e a Baixa Limia e para mellorar as comunicacións entre a nosa Provincia e Portugal”.*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que isto é unha mostra máis do que acostuma face-lo presidente da Xunta de Galicia na nosa provincia. Non viu a moción polo miúdo, pero pensa que os acordos que se piden non implican mollarse politicamente, xa que é pedir que se cumpran os prazos fixados, que sería algo moi importante para esta provincia e a dinámica que pode traer consigo, porque a zona portuguesa tamén está levando a cabo a remodelación das súas estradas, cunha situación incluso máis complicada que a desta provincia. Sabe que lle van dicir que a conxuntura é a que é, pero con isto levamos moito tempo, aínda que o Partido Socialista gobernase durante tres anos e medio.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** di que vai dar datos obxectivos, claros e concretos. Á parte de portavoz do Grupo Popular é alcalde dun dos concellos afectados por este tema. A Xunta de Galicia vai poñer en servizo a autovía Ourense-Celanova no primeiro trimestre de 2013, e non existe ningún retraso. O prazo contractual remata a finais do mes de xaneiro e malia a que está caendo se van cumpri-los prazos. Esta infraestrutura viaria vai constituír unha alternativa á estrada OU-540 para os desprazamentos entre a Baixa Limia e Ourense, evitando pasar, entre outros, polo núcleo urbano de Celanova e posibilitando o acceso rápido á A-52. A autovía, cuxo orzamento ascende a máis de 115 millóns

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

de euros, reducirá nun 40% o tempo de percorrido entre Celanova e a capital, xa que a estrada 540 supón 25 minutos e a nova infraestrutura tan só 15 minutos (a algúns levaralles menos, como ó alcalde de Xinzo). Esta autovía permitirá evita-los preto de 7 quilómetros de travesías que hai que percorrer pola estrada actual, incrementando así a seguridade viaria dos vehículos e peóns. Actualmente están circulando pola estrada convencional uns 10.000 vehículos cada día nas zonas máis próximas a Ourense, e uns 6.000 se nos achegamos a Celanova. En canto ó tramo desde Celanova ata a fronteira portuguesa nunca se falou de que se ía construír unha autovía. Foi durante o goberno de Fraga que se incluíu na planificación de estradas unha vía de altas prestacións entre Ourense e Celanova e unha mellora da estrada ata a Baixa Limia. Fala con coñecemento de causa porque tódolos alcaldes da Baixa Limia (incluído el) sempre estiveron reivindicando outra cousa. En ningún momento, nin durante o bipartito, se falou de continua-la vía de altas prestacións de Celanova ata a fronteira portuguesa e moito menos con sección de autovía, xa que o tráfico neste treito, segundo a Consellería de Política Territorial, non xustifican semellante investimento. Circulan polo treito Celanova-Bande ó redor de 2.500 vehículos ó día e entre Bande e a fronteira menos de 1.200 e cruza a Portugal por esta estrada uns 500 vehículos cada día. O Sr. presidente e o Sr. conselleiro dixeron que está proxectada a mellora da estrada e a construción de variantes nese tramo ó que se refiren. A Xunta non renuncia a este proxecto e o Grupo Popular provincial tampouco renuncia a seguir presionando para que se faga nas circunstancias adecuadas. Co ánimo de que esta proposta saia adiante o Grupo Popular presenta unha emenda de substitución, co seguinte texto: *demandar da Xunta de Galicia o cumprimento dos prazos fixados para a autovía Ourense-Celanova e manter na planificación de infraestruturas viarias actuacións de mellora do treito Celanova-fronteira portuguesa.*

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG,** reconece que cousas que dixo o portavoz do Grupo Popular son verdade, pero hai que remontarse ós inicios practicamente. A lentitude e as demoras foron a tónica xeral na tramitación desta infraestrutura, que respondía a unha vella demanda dos habitantes das comarcas de Celanova e da Baixa Limia. Ademais das demoras, sobre esta obra pesou durante moito tempo a inconcreción sobre o tipo de estrada que se ía construír, xa que sempre foi denominada como unha vía de alta capacidade e, de feito, analizouse a proposta de que o tramo entre a A-52 e Celanova fose unha vía rápida, cun carril por sentido que no futuro se desdobraría para a súa conversión en autovía. Non obstante,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012**

segundo o proxecto presentado por Política Territorial cando adxudicou as obras en febreiro, entre a A-52 e Celanova habería unha autovía de 18,7 quilómetros mentres que os 39 quilómetros da estrada entre Celanova e a fronteira portuguesa serán remodelados e construíranse variantes en Vereas e Bande. O BNG sempre defendeu, e aí están as hemerotecas, que a relación coa estrada que o novo trazado fose unha vía de alta capacidade en todo o seu percorrido e non só ata Vereas, para evita-la marxinação dunha parte do territorio. A fórmula optada para a construción desta vía foi outra das modalidades obxecto de debate, modelo, por certo, cuestionado ademais de polo BNG, que se opuxo desde sempre a este sistema de concesión, de tal modo que a empresa adxudicataria, unha sociedade integrada polas construtoras ourensás Copasa (ó 70%) e Extraco (ó 30%), asumirá o custo da construción da vía e a súa explotación durante 30 anos, mentres que a Xunta compensará á empresa durante este prazo cun canon por cada vehículo que a utilice. O BNG xa indicou daquela que a utilización deste sistema concesional condicionaría as contas galegas para os próximos corenta anos e deixaría ó albur das empresas concesionarias a execución das infraestruturas. O informe do Consello de Contas correspondente a 2010 sobre fiscalización das contas públicas ven dárnola razón ó por de manifesto unha serie de advertencias sobre esta fórmula de funcionamento público-privada que tanto xogo lle deu á administración galega nos últimos anos. O volume que foron adquirindo os pagos a futuro da administración autonómica chama a atención de Contas, especialmente polo peso das peaxes na sombra sobre o total do gasto comprometido. O órgano fiscalizador avoga por limita-la adquisición de novos compromisos a futuro e restrinxir, a través dunha regulación que fixe límites cualitativos e cuantitativos, o recurso á colaboración público-privada, para acometer infraestruturas, entre as que actualmente se inclúen xa as hospitalarias. O obxectivo que perseguiu a Xunta ó recorrer á peaxe na sombra é minora-la factura do endebedamento ordinario, a custa de hipoteca-lo futuro para os vindeiros anos, asumindo un sobreprezo de máis de tres veces o seu valor. A autovía foi licitada por 91.507.849,69 euros, máis IVE, fixando un custo para expropiacións de 5.560.424,95 euros. Segundo detecta Contas, só a peaxe na sobra da autovía Celanova-fronteira portuguesa ten un importe comprometido de 315 millóns de euros, para pagar entre o presente exercicio e 2039. É evidente que o obxectivo que se persegue con esta fórmula, claramente prexudicial para as arcas públicas, non é outra que facer ver que a débeda pública é menor do que realmente é e que se a administración galega tivese que asumir con emisións de débeda pública a construción das distintas infraestruturas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

presentes e futuras, a factura do endebedamento roldaría actualmente os 10.000 millóns de euros (o 17,7% do PIB). Deixa ás xeracións futuras unha hipoteca espantosa e formula moitos problemas, porque a execución dos proxectos e o remate das infraestruturas depende agora mesmo de que as empresas teñan unha situación económica de certa estabilidade, algo complicado por canto hoxe son minoría as que non contan con dificultades para acceder ós recursos financeiros para investir. Pero o pago diferido non computa nos orzamentos dentro do déficit, senón no capítulo de investimentos. Unha vía legal que materialmente é débeda. Con respecto ó tráfico pensa que é verdade que non é moito pero tamén pode ser debido á vía que existe, con zonas practicamente abandonadas. Di que lle dá igual onde se poña o portavoz do Grupo Popular para defende-las melloras (diante, ó lado, por tras) porque noutro Pleno dixo que o BNG que está en extinción non serían os que levasen a voz cantante. Agora os alcaldes e os veciños pídenlles que se poñan ó lado deles nesta reivindicación.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que o Sr. alcalde de Xinzo sempre se enfada con el cando fai alusións, pero hoxe o portavoz popular meteuno nun serio compromiso. Parece ser que nesta vía hai unha peaxe na sombra, pero lembra que o único proxecto que existía (mellorable ou non) é da época na que o Partido Socialista tiña esa consellería, e o PP véndeo agora como algo excepcional. De tódolos xeitos isto non é o que importa, o que importa é que se faga e canto antes. É certo que desde Bande circulan aproximadamente 1.200 vehículos, pero a realidade é que tal e como está esa estrada non sabe como circulan tantos. Non vai discutir consideracións técnicas porque non as coñece, pero ó seu grupo político preocúpalle as declaracións que se fixeron e aínda máis lle preocupan as do Sr. presidente da Xunta que dixo que non facía falta porque non se poñían os alcaldes de acordo (ou algo similar), pouco menos dixo que os alcaldes non a querían. Non sabe se o portavoz popular (alcalde afectado) é un deses alcaldes, porque está seguro, xa que llo preguntou persoalmente, de que o alcalde de Entrimo non dixo iso, senón que quere que se faga. O presidente da Xunta e esta provincia non se levan ben, porque sempre haberá alguén que teña a culpa para non face-las cousas. Anuncia que o seu grupo vai apoiar a moción.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que presentaron unha emenda de substitución e ninguén dixo nada ó respecto. Na moción fálase de proxecto de vía rápida Celanova-fronteira portuguesa e iso non existiu nunca. En canto a que o Sr. presidente da Xunta culpou ós alcaldes, non sabe se en singular ou en plural, pero

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

concretamente a el non, porque polo seu concello non pasa, senón que é afectado por proximidade. En todo caso, cónstalle que ninguén dixo que non quería esta obra, senón que se matizou cal debería se-lo enlace ou desvío, cousa que lle parece lexítima e incluso obrigada. Non vai entrar en se as palabras do presidente da Xunta foron máis ou menos afortunadas, pero en todo caso non foron en plural senón en singular. Pensa que hai que falar da viabilidade das obras. Hoxe entraron no Parlamento os orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2013 entón o BNG ten a oportunidade de que o seu grupo parlamentario presente algunha moción viable para face-la vía rápida, neste momento será el mesmo o que se poña, non ó lado, diante para aplaudirilles. En relación co de poñerse diante ou de lado, di que el non é monicreque de ninguén e moito menos dos grupos que se representan a si mesmos, e se algún quere oportunismo político que o faga el só, non coa súa sombra, e non ten que chamar ó toque de campá de non sabe que *grupúsculo* (no bo sentido da palabra), porque el respecta a todo o mundo coas súas ideas. Reitera que presenten unha proposta no Parlamento, que seguramente tódolos alcaldes da Baixa Limia lle aplaudirán e que el non é sospeitoso de non defender ós seus veciños, e os resultados electorais así o demostran. En canto a que o BNG está en extinción, manifesta que el nunca dixo iso, senón que só dixo que estaban en franca decadencia. Reitera a proposta presentada e que o seu grupo está totalmente a favor de que continúe a estrada desde Vereas ata a fronteira portuguesa, pero non por iso deixan de entender cal é a conxuntura económica.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, anuncia que non van acepta-la emenda de substitución presentada *in voce* polo Grupo Popular, e en todo caso a denominación de vía rápida utilizouna o conselleiro. Di que a discriminación desta provincia por parte da Xunta de Galicia non é cousa nova, e o seu presidente (que presume de ourensán) é o primeiro en marxinar esta provincia. Esta decisión de paraliza-la autovía deixa ben claro o compromiso que o Sr. Feijóo ten co desenvolvemento de Ourense. Unha vez máis a comarca vese condenada ó esquecemento por parte da Xunta ó ser privada do eixo estratéxico para as comunicacións e desenvolvemento económico-turístico e comercial da provincia con Portugal. Conecta-la autovía das Rías Baixas cos distritos lusos de Braga e Viana do Castelo podería ser un avance de comunicación e comunicaría-se con ó redor de un millón de persoas. Isto é o positivo non se circulan 1.000 coches, 100, 200 ou tres *carrilanas*. Unha das comarcas nas que só queda a poboación dispersa e envellecida debería gozar dunha discriminación positiva por parte da

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

Xunta de Galicia, sobre todo porque estamos a falar de proxectos que se puxeron en marcha no seu día e que se deberían rematar, aínda que sexa con retraso. Dille ó Sr. presidente que agora é o momento da *Ourensanía* e poñerse do lado dos alcaldes e dos veciños para facerlle fronte a esta mostra de marxinación á nosa provincia por parte da Xunta. Manifesta que el non lle chamou monicreque a ninguén e el sabe moito de léxico. Con respecto á utilización dos argumentos di que o portavoz popular utilizou un argumentario que lle deron na consellería. Pensa que o léxico que habería que utilizar é dar un golpe político na mesa e dicirlle ó presidente da Xunta que estamos aquí, porque senón seremos un fato de caladiños na provincia que diremos o que di a consellería e o que di o conselleiro utilizando os seus termos e agochándose como se agocha o Sr. presidente cando o precisa e non dá a cara. O portavoz popular, como alcalde, coñece ben a comarca e debe sumarse á reivindicación, xa que resulta inaudito que o presidente da Xunta culpe ós alcaldes (a maior parte do PP) de poñer trabas ó opoñerse ó trazado da ampliación, cando o responsable de infraestruturas desvelou que a non continuidade do proxecto a Portugal obedece a causas que nada teñen que ver con iso. Agora é o momento de poñerse ó lado de quen reivindica esta mellora da comarca e de pasar das palabras ós feitos, poñéndose á fronte dos veciños.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción presentada polo BNG, que obtén o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), polo que queda rexeitada.

A continuación, **o Sr. Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, anuncia que teñen máis mocións de urxencia e explica o por qué da súa presentación. Di que como non todo está nos regulamentos, eles teñen capacidade para presentalas igual que o grupo de goberno ten capacidade para rexeitalas. Se as rexeitan quedarían mal porque o portavoz popular dixo nun pleno anterior que aceptaban tódalas urxencias das mocións. Presentan mocións de urxencia para que dalgún xeito se chame a atención para que se respecten os pactos, independentemente do que se recolla nos regulamentos.

**O Sr. presidente** pregúntalle cantas mocións de urxencia presenta.

**O Sr. Gómez Pérez** anuncia que, en principio, presentan tres mocións de urxencia.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

O **Sr. presidente** solicítalle que diga o texto da parte dispositiva da primeira moción de urxencia que presenta, para poder pronunciarse sobre o seu debate.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que é unha moción para o regulamento mediante concorrencia competitiva das subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense na que se propón que tódalas subvencións que se concedan no ano 2013 por parte da Deputación Provincial de Ourense, agás as nominativas reflectidas nos orzamentos, se concedan por concorrencia competitiva e trala elaboración previa dunhas bases con prazos de presentación concretos e nos que se reflectan uns criterios obxectivos para ser concedidas.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, pensa que isto parece unha inocentada debido ó día no que estamos. No punto anterior reprochóuselles que tiveran tempo suficiente para presentar antes a moción que presentaron, pero a moción coñecíase con anterioridade, agora non sabe contra que portería ten que tirar e en principio vanse abster porque non coñecen a moción.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que non é por presumir, pero o seu grupo esperaba isto. Pensa que isto non é unha inocentada pero que si é unha falta de respecto evidente ós órganos colexiados da Deputación. Hai comisións informativas das que forman parte tódolos deputados (gobierno e oposición) e os orzamentos da Deputación aínda non hai nin quince días que se aprobaron, polo que pensa que a moción pode esperar e non é urxente. Pensa que isto é un oportunismo puro nun momento de cabreo por algunha circunstancia, polo tanto van votar en contra da urxencia.

Seguidamente o **Sr. presidente** somete a votación a urxencia do tratamento da moción, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8), o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do BNG (2), polo que queda rexeitada a urxencia no tratamento desta moción.

A continuación o **Sr. presidente** cédelle a palabra a Sra. Lama Fernández para que lle dea lectura á parte expositiva da seguinte moción que presenta o Grupo Socialista.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, anuncia que a moción trata sobre a reactivación dos parques empresariais. Para o grupo de gobierno, como o índice de paro está a baixar moitísimo nesta provincia e no resto da comunidade autónoma, ó mellor non é urxente. Di que o Grupo Popular está no seu pleno dereito de rexeita-las mocións, pero non é lóxico que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

se rompan a baralla e as regras do xogo e se emenden mocións que os grupos da oposición presentan na Deputación para non achegar nada, pero o Grupo Socialista quere achegar cousas polo que dá lectura á proposta de acordo, co seguinte contido: 1º.- Demandar de Xestur prezos máis reducidos e máis competitivos co norte de Portugal e Castela-León, para favorece-la implantación de empresas nos parques empresariais da provincia de Ourense xestionados pola mencionada empresa. 2º.- Demandar do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Consellería de Industria a cesión gratuíta de terreos incluídos en fase de desenvolvemento dos parques empresariais que non estean contemplados nos orzamentos da Xunta, para que poidan ser xestionados directamente polos concellos. 3º.- Instar ós concellos da provincia a cesión de chan empresarial por tempo limitado a prezo simbólico para estudar por unha comisión de expertos coa finalidade de ocupa-los miles de metros baleiros nos polígonos da provincia de Ourense. 4º.- Abrir, por parte da Deputación Provincial de Ourense, unha liña de axudas co fin de favorece-la implantación de industrias xeradoras de emprego estable nesta provincia.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que polos mesmos motivos da moción anterior se van abster.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dálle a benvida á Sra. Lama á realidade do país, porque se lembra hoxe do paro. Pensa que as propostas que fai son orixinais, pero non lle consta para nada que no debate dos orzamentos de hai quince días presentara unha proposta en tal sentido, e moito menos acompañada dalgún informe que fale da viabilidade técnica e económica da proposta. No quere entrar no tema das inocentadas pero esta moción aínda lle parece máis inocentada que a anterior.

De seguido o **Sr. presidente** somete a votación a urxencia do tratamento da moción, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8), o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do BNG (2), polo que queda rexeitada a urxencia no tratamento desta moción.

A continuación, o **Sr. presidente** cédelle a palabra á Sra. Morenza Doforno para que defenda a urxencia da moción que presentan.

**D.ª Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, manifesta esta terceira moción é para instar á Xunta a que defina o uso que se lles dará ás antigas instalacións do Hospital Psiquiátrico de Toén. Xustifican a urxencia na inquedanza que existe ante a indefinición do uso sanitario público que o goberno de Feijóo pretende darlles ós terreos. Tamén se percibe

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

preocupación entre a veciñanza polo progresivo deterioro das instalacións e tamén existe preocupación ante a falta dun seguimento e control das instalacións, que está xerando falta de seguridade, posibilidade de vandalismo, violación de morada ou furto de bens de titularidade pública. Para o Grupo Socialista isto é urxente, tendo en conta que está a piques de cumprirse un ano do peche das instalacións sen que o goberno da Xunta definise que se vai facer con elas, ás que se lles ten que dar un uso público sanitario. Seguidamente dá lectura á proposta de acordo, co seguinte contido: 1º.- Esixirlle a Xunta para que se defina claramente, no primeiro semestre de 2013, o futuro uso que está previsto darlles ás instalacións do antigo Hospital Psiquiátrico de Toén. 2º.- Esixirlle ó goberno galego para que adquira o compromiso de iniciarlo desenvolvemento do proxecto para o complexo sanitario de Toén ó longo do vindeiro ano. 3º.- Reclamar que a Consellería de Sanidade adopte as medidas oportunas para evitar actos de vandalismo ou de inseguridade nos edificios do antigo Hospital de Toén.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que van seguir mantendo a abstención e pensa que isto hai que arranxalo dalgún xeito.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, está de acordo co Sr. Rodríguez Puga e esta actitude parece que está acorde co día no que estamos. Di que a Sra. Morenza xa non só leu a parte dispositiva senón tamén a expositiva. Reitera o respecto ós órganos da Deputación. No bo sentido da frase, di que esta rabecha de cabreo polas circunstancias doutro pleno, lembra que hai uns minutos o Grupo Socialista presentou unha emenda de substitución a unha moción do Partido Popular que se debateu e se votou.

Seguidamente o **Sr. presidente** somete a votación a urxencia do tratamento da moción, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8), o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do BNG (2), polo que queda rexeitada a urxencia do tratamento desta moción.

#### **16º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, roga que o respecto á institución o teñan aqueles grupos que o rompen, que foi o grupo de goberno e outro grupo. Se o seu grupo quixera botarían aquí ata as doce da noite, porque teñen trinta mocións para que o grupo de goberno faga o que nunca fixo, que é rexeita-la urxencia das mocións, como dixeron naquel pleno. Independentemente do respecto á institución hai que respectar ós regulamentos ós que se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

fan mención. Pregunta se a lei permite ou non permite presentar mocións. Cre que non se pode dicir que o seu grupo non respecta as institucións, en todo caso os que non respectan son os que romperon unha norma non escrita que había nesta casa, que foi o Sr. presidente e outros grupos. Están dispostos a arranxalo, pero se queren seguir nesa actitude tampouco teñen problema.

A continuación pregúntalle ó portavoz popular se, independentemente do procedemento, lle parece correcto responderlle a unha compañeira que non se lembra do paro e que non se falou diso no debate dos orzamentos, cando o primeiro que debateu o seu grupo nos orzamentos foi do ERE da Deputación. Manifesta que a presentación das mocións por parte do seu grupo non é ningunha inocentada, e pensa que inocentada e fixa-lo Pleno para o día de hoxe, ou o anterior o día doce do doce do dous mil doce. Pensa que se se parasen a escoitar por qué as cousas son urxentes non obrarían dese xeito, porque, por exemplo, no seu concello hai terreos comprados por Xestur que están inhabilitados e as empresas interesadas non se poden instalar alí. Reitera que eles non romperon as regras do xogo, xa que non teñen problema en pasar polos diferentes órganos colexiados da Deputación, cousa que sempre fixeron.

O **Sr. presidente** pregúntalle ó Sr. Gómez Pérez se rematou a súa quenda.

O **Sr. Gómez Pérez** responde que o Sr. presidente leva tres plenos coartándolle-la liberdade ó Grupo Socialista, algo que nunca sucedeu e empeza a botar de menos outro tipo de actitudes.

O **Sr. presidente** quere comentar, ante este novo exercicio que pasará ós anais das achegas do Grupo Socialista ó goberno provincial e á provincia, que polo discurso escoitado parece que teñen un problema importante de conciencia, pero alá cada quen na súa forma de facer oposición. Pasar polos órganos e por esta institución significa representar ós cidadáns e estar presentes nos órganos de deliberación. O Grupo Socialista abandonou o pleno seguindo a súa estratexia que terá os seus réditos electorais, e agora dan este discurso demagóxico. Nesta Deputación non se coarta a liberdade de ningún, senón que se aplica o Regulamento que se aprobou entre todos. O Pleno do día 12 foi para que puidesen entrar en vigor os orzamentos en xaneiro de 2013, algo normal para o funcionamento desta institución. O pleno do día de hoxe non era para asistir a esta inocentada de presentar como urxencia tres mocións que non teñen carácter de urxencia, porque son cuestións importantes que puideron ser presentadas en tempo e forma para tratalas nesta sesión. Rexeitouse a urxencia das mocións porque así son as regras do xogo democrático e así se recolle no Regulamento aprobado por unanimidade e incluso con achegas do Grupo Socialista. Calquera

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

outra cuestión é unha cuestión persoal do portavoz socialista e do seu grupo. As regras do Pleno son que hai unha orde do día, que se poden presentar mocións e emendas e que se votan conforme establece o Regulamento. Non é problema da Presidencia se isto non lle gusta ou non lle parece democrático, e se lle gustan máis os comportamentos doutras épocas é un tanto ó seu favor, porque está eloxiando o labor anterior.

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista**, di que lle quere escribir unha carta ós Reis Magos. O presidente da Deputación, na súa liña de contención do gasto desta institución, eliminou, por exemplo, as axudas ás funcionarias e funcionarios da Deputación para paga-la hipoteca da súa vivenda. Non obstante, ó Grupo Socialista chámalle a atención que o día 10 de setembro o Sr. presidente asinase un Decreto no que se acorda ordena-lo pago por importe de 2.400 euros a unha cidadá para os efectos de que adquira o formigón necesario para a explanación do camiño de acceso á súa vivenda, non se di dun establecemento turístico. Pregunta se o Sr. presidente pode anunciarlles hoxe aquí a tódolos cidadáns e cidadás da provincia de Ourense se van percibir unha axuda para a construción ou rehabilitación da súa vivenda.

O **Sr. presidente** di que recollerá a información correspondente e que lle responderá convenientemente.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, quere aclarar que el non cuestionou para nada que o Grupo Socialista non falase do paro no debate dos orzamentos, só dixo que non lle constaba que fixera ningunha proposta concreta a raíz da súa moción, que era de subvencionar-la compra de solo industrial. En relación co que dixo neste salón de que o seu grupo sempre aceptaba a urxencia das mocións, lembra que houbo un cambio na data de celebración das comisións informativas, que antes tiñan lugar con 15 días de antelación ó Pleno, e neste intervalo de tempo chegaban as mocións e co espírito de colaboración e de democracia sempre se aceptaban. Outra cousa é que se presenten as mocións sen tempo de lelas nin de poder conseguirla información técnica oportuna. Reitera que no futuro isto hai que arranxalo.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que é certo o que di o portavoz popular, en relación con que hai que conseguirla información oportuna á hora de debatelos asuntos, pero a eles se lles presentaron media hora antes de comezar un pleno emendas a tódalas súas mocións. Non ten inconveniente en sentarse e falar deste tema, pero pensa que demagogia é dicir que non dá tempo a mirar. Lembra que si fixeron achegas en relación co desemprego no debate dos orzamentos, pero só lle deixaron falar quince minutos nun debate dun

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

orçamento de máis de 60 millóns de euros (ata no seu concello de 4 millóns de euros teñen para falar máis dunha hora). Pregúntalle á Presidencia se considera máis importantes os asuntos que presentaron outros grupos que os que presentou o Grupo Socialista.

O **Sr. presidente** lembra que as quendas nos debates dos orzamentos están fixadas no Regulamento que aprobou o Grupo Socialista, quince minutos na primeira intervención de cada grupo e oito minutos na segunda quenda, en total 69 minutos. O tempo do debate nuns orzamentos non vai en función dos millóns de euros dos que se compoñe. En canto a importancia dos asuntos, di que todos son importantes a cuestión é como se presentan e con que tempo. O Regulamento dálle opción ó grupo maioritario a que se pronuncie en contra da urxencia e outro grupo se poida abster, e non ve ningún dramatismo nesta situación. Este debate puido ter lugar o día 24 na reunión da Xunta de Portavoces, e o portavoz socialista non dixo nada en relación con este tema, pero pódese retomar en calquera momento sen ningún tipo de problema.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, di que o Sr. presidente, a comezos de ano, anunciaba a creación dun consello económico e social para combater-lo paro. Pregúntalle se segue tendo esta idea ou vai pasa-lo mesmo que pasou co observatorio económico ourensán que, ó parecer, quedou sobre o papel. Pregunta qué foi do consello económico e social e que vai acontecer co recollido no observatorio económico ourensán.

En relación cunha partida de 60.000 euros que anunciou o Sr. presidente para a compra de marquesiñas, queren saber se esta distribución se vai facer con criterios obxectivos ou se se vai seguir coa política da boina que se fixo durante moitos anos co tema dos bancos que entregaba a Deputación, como unha especie de contraprestación de agora te premio agora te castigo.

Quere lembrar tamén que hai varias preguntas presentadas por ela que están sen responder, aínda que algunha delas é de fácil resposta e non precisa esperar un mes para a súa resposta: unha delas refírese a un plan de estradas no Concello de Amoeiro, e o Sr. presidente adquiriu o compromiso de darlle ó alcalde do concello unha resposta para defini-los plans que se van acometer, e despois de nove meses aínda non obtivo resposta. A outra pregunta refírese a unha glorieta na estrada dos Gozos, no municipio de Pereiro de Aguiar, que esta xa é a cuarta vez que a fai, e pregunta se se vai acomete-la execución desta glorieta e se existe a decisión política.

O **Sr. presidente** responde que nas conversas que mantivo con líderes sindicais ó principio do mandato se falou da posibilidade –nunca anunciou a posta en marcha- de contar cun consello económico social como sucede noutras provincias de España, promovido pola Deputación

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

Provincial. Esta cuestión desbotouse e no Plan Ourense 92 anunciouse a posta en marcha do observatorio económico ourensán, que si existe e xa presentou os seus primeiros datos por comarcas e por concellos, presentación á que estaba invitados tódolos deputados. Este documento figura na páxina web desta institución con total transparencia. Sobre esta transparencia, en maio de 2012 o Grupo Socialista presentou unha iniciativa sobre indicadores de transparencia para mellora-la nosa puntuación, como por exemplo os datos biográficos de cada un dos deputados, que por certo do Grupo Socialista só figuran os datos da Sra. Morenza Doforno e da Sra. Vázquez Blanco, dos outros deputados non hai datos.

En canto á partida de 60.000 euros e á política da boina, pregúntalle á Sra. Morenza en que consiste este tipo de política. Pode garantir que esa partida se destinará para o que estaba prevista e se repartirá en réxime de concorrencia competitiva e en función das necesidades e das peticións dos concellos.

En relación co alcalde de Amoeiro, non sabe neste momento se lle foi respondida a súa petición, en canto a facer un plan de arranxo das estradas do seu concello, pero preocuparase por ver se se lle respondeu ou non.

En canto á glorieta dos Gozos manifesta que está á espera dos informes técnicos oportunos, para darlle unha resposta e concretar se efectivamente se vai facer ou non, non só dos motivos técnicos senón tamén das disponibilidades orzamentarias.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, sabe que os vehículos de recollida de residuos sólidos urbanos dispoñen de sistema de GPS e pregunta se os demais vehículos desta casa tamén o teñen. De non ser así, desde o Grupo Socialista rogan que se instalen en tódolos vehículos á maior brevidade, xa que teñen constancia de mala praxe na utilización destes medios.

O **Sr. presidente** responde que toma nota do rogo e informa de que xa se están tomando as medidas oportunas para que tódolos vehículos conten con este sistema.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, segundo ten entendido vai se-lo Sr. presidente o que controle directamente os vehículos.

O **Sr. presidente** dille que depende directamente da Presidencia o responsable do Parque Móbil Provincial.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, pregunta tamén se o Sr. presidente se refería ó currículo cando fixo alusión a que os deputados do Grupo Socialista non entregaron a documentación. Non soe comentar nada do que se fala nas comisións cando se din alí

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de decembro de 2012</b>
--

cousas, pero o Sr. presidente non respecta isto. Se se refería a un impreso que se lles entregou, non ten ningún problema en entregalo cuberto. Cando o seu grupo falaba de transparencia referíase a outra cousa, e nunha comisión quedaran en que se publicarían os bens antes de que acabase o ano e aínda están sen publicar, iso que o seu grupo non formulou ningún problema porque se retrasasen. O Sr. presidente está desvelando o que se fala nas comisións e nas xuntas de portavoces, pero se segue nesa postura el tamén falará.

O **Sr. presidente** di que non está desvelando nada, senón que está falando de transparencia. En maio o Grupo Socialista presentou unha iniciativa nesta Corporación na que se pedía que a Deputación mellorase os índices de transparencia. Neses índices aparecen cuestións que meses despois algúns deputados socialistas aínda non foron capaces de completar, desde datos biográficos ata que os grupos políticos da Deputación teñan un espazo web dentro da propia web da Deputación, para anunciar alí a súa actividade. Iso estao a face-lo BNG e o Grupo Popular e non o está a face-lo Grupo Socialista e esa é a realidade e non é nada subxectivo.

E, ás 13:50 horas do citado día vinte e oito de decembro do ano dous mil doce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**